

**O territorio e as categorías sociais  
na Gallaecia Antiga:  
un matrimonio entre a Terra (*Treba*)  
e a Deusa Nai (*Mater*)**

ANDRÉS PENA GRAÑA\*

I.- INTRODUCCIÓN Ó CELTISMO EN GALICIA

**¿Que son os celtas?**

Pódese dicir que hoxe hai tantas definicións do celta como celtistas. Neste encadramento, defíni-lo celta semella tan espiñoso como defíni-la Arte, pois este concepto, fóra da análise institucional, como verba e adxetivo -pouco inocentes ámbolos dous- envolve unha enorme *carga ideolóxica* abondo gratuita e da lugar a numerosos equívocos.

Aparece como un termo acordado para a Historia por primeira vez polos historiógrafos da antigüidade cando o empregaron para nomear os pobos da periferia do mundo clásico. Sobre o 500 a.C. empregouno cecais Hecateo de Mileto por primeira vez ó falar de Μασσαλία (Marsella) emporio dos gregos focenses como πόλις... κατὰ τὴν Κελτικὴν e Herodoto colócaos no berce do Ἰστρος (Danubio) e alén das columnas de Hércules no litoral da Europa Atlántica<sup>1</sup>.

Ἰστρος τε γὰρ ποταμὸς ἀρξάμενος ἐκ Κελτῶν καὶ Πυρήνης πόλιος ῥέει μῆσιν σχίξων τὴν Εὐρώπην. οἱ δὲ Κελτοὶ εἰσι ἔξω Ἡρακλέων στηλέων, ὁμοῦρέουσι δὲ Κυνησίοισι, οἳ ἔσχατοι πρὸς δυσμῆνων οἰκέουσι τῶν ἐν τῇ Εὐρώπῃ κατοικημένων.

Para Colling Renfrew<sup>2</sup> (lám. I) a aparición temperán deste termo non tería inicialmente carácter *étnico*; é dicir, non se debería á expansión dun pobo orixinario inexistente: *The Term Celtic was in the first place a rather broad geográfica designación, relating to all the inhabitants of northern and western Europe whatever their nature (1987:21,6)*, mais si logo, xa que tanto Posidonio -ó que seguen moitos historiógrafos- como César distinguen perfectamente a etnicidade celta destes pobos.

**¿Un concepto lingüístico?**

O termo celta restrinxido a un concepto lingüístico exclusivo ó marxe das súas institucións, aplícase a unha serie de linguas emparentadas, ás que os lingüistas, logo de as identificar e valorar, fixan determinadas características, falando por exemplo dun celta arcaico, ó que pertencería o goidélico e o celtibérico, caracterizado, entre outras cousas, pola conservación dunha \***kw** (*nekue*=cabalo en CI), mentres que outro celta máis desenvolvido (lepóntico, galo e britónico) transformaría isa \***Kw** nunha **P**<sup>3</sup> (Schmidt 1992: 45-47).

\*Andrés Pena Graña é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, autor de diversos libros e traballos e Arqueólogo Municipal de Narón (A Coruña).

<sup>1</sup>Hdto. II, 33, 3. IV. 49,3.

<sup>2</sup>(1987) *Archaeology and Language. The Puzzle of Indo European Origins*. London: Jonatan Cape.

<sup>3</sup>Horst Schmidt, Karl (Universidade de Bonn) (1992) *The celtic problem* ZCP, pp. 45-47.

Convén ter moi en conta o afinamento da maioría dos lingüistas nas teorías invasiónistas. Movimentos de pobos, infiltracións e *pistoletazos* (*gun shunts*) permítenlles establecer sustratos, préstamos ou contactos entre distintas linguas, adoitando seren conservadores, rexeitando por elo o que nomeamos *cumulative celtivity* que se viña producindo paseniño dende un momento temperán da Idade do Bronce (Hawkes 1973: 623)<sup>4</sup>.

O *conservacionismo* deriva da constatación do feito de que nas áreas marxinais do occidente europeo e illas Británicas hoxe vemos claramente unha continuidade (inmobilismo) sen solución dende o Neolítico ó Ferro, como din Hawkes *never grand displacements, effacing old inhabitants, but always bringing an access of new upper-class masters* (1973:622), que non impide contactos comerciais entre o Mundo Atlántico e entre o Atlántico e o Mediterráneo no que se chaman *world economic systems*. Un comercio moi temperán como amosa en Galicia o petroglifo recentemente descuberto en Pedornes (Oia Pontevedra) que representa unha nave do Mediterráneo Oriental (Alonso Romero 1993) de papiro que testemuña contactos con prospectores de metais (ouro).

En 1988 Colin Renfrew creou un modelo chamado *wave of advance*. Segundo este modelo o Neolítico Europeo constitúe un substrato común coincidindo coa implantación das técnicas agropecuarias entre o VII milenio e mediados do IV, cunha lingua indiferenciada que se desenvolvería independentemente, mais con contactos ininterrompidos que producirían unha *celticidade acumulativa* mutua sen necesidade de recorreren a un fogar céltico.

Esta visión da moderna arqueoloxía é combatida polos lingüistas<sup>5</sup> que sitúan *The celtic homeland in an area west or northwest of the, thracian domain* (Wagner 1969:227)<sup>6</sup> e buscan unha posición abondo oriental para a Patria Celta (Pigott, 1980:180)<sup>7</sup>.

## Celtas

Os **celtas** responden a unha realidade institucional. Esa é a miña tese (A. Pena 1991,1992) que vou desenvolver no presente artigo. Esta realidade institucional celta, presente en Galicia, vai chegar á Idade Media coa maior parte do seu vigor intacto.

Mais antes de ocuparmos dela debo facer unha mínima referencia ó estado da cuestión dos estudos célticos en Galicia e na Península Ibérica.

### ♦ *Arredor da Cuestión*

O derradeiro grande estudio institucional da Arqueoloxía e Historia Antiga galega, foi publicado no Seminario de Estudos galegos<sup>8</sup> por Florentino L. Cuevillas e Rui de Serpa Pinto intitulado *Estudos encol da Idade do Ferro no Noroeste da Península. As Tribus e a súa constitución Política*.

Sostiñan estes pioneiros que no noroeste, e contrariamente ó que sucedeu no resto da Península, os romanos deixaron subsistir as colectividades indíxenas. Esta particularidade fai que nos tratados dos xeógrafos posteriores á conquista; en Mela, Plinio e Tolomeu encontremos nomes e localización de Tribus, que embora, sexa dun xeito fragmentario, restitúenos un aspecto da facies política da Gallaecia prerromana (1933-34:263).

Esta formidable tentativa non tivo continuación e logo da Guerra Civil deixáronse de lado os incipientes estudos institucionais -verdadeiros alicerces da Nación Galega- e maila que Florentino López Cuevillas publicara nos anos 50 *La civilización céltica en*

<sup>4</sup>Hawkes, Christopher, 1973; *Cumulative Celtivity* en pre-Roman Britain: *ÉC* 13, 1973, 607-628.

<sup>5</sup>Cf. Horst Schmidt, Karl (1992). *JIES* 20, 1-2-1992: 166,168; *ZCP*:38-44

<sup>6</sup>Heinrich Wagner (1969). *The Origin of the celts in the light of linguistic Geography*. *TPS*,227

<sup>7</sup>Pigott, Stuart. *Ancien Europe*. Edinburgh University Press 1965. Paperback editions:1980.



<sup>8</sup>Arquivos do Seminario de Estudos Galegos (1933-34).

ARRIBA.- Aceptiões do céltico e definición da entidade céltica protohistórica e histórica.  
(segundo criterios de C. Renfrew).

ABAIXO.- Modelos de etnoxénese da entidade céltica.

- A. Modelo tradicional.
- B. Modelo C. Renfrew.

(Fonte: Ruiz Zapatero. Revista de Arqueoloxía, 1991)



Galicia coincidindo co III Congreso Nacional de Arqueoloxía (1953) celebrado no país.

O feito é que os estudos encol das pervivencias institucionais suplantáronse polos da aculturación e romanización cun obxectivo claro na vindicación da unidade política do que se chamou Estado Español. O acontecemento máis negativo, dentro deste contexto, para o celtismo foi a chegada de Carlos Alonso del Real a Santiago, momento en que a Galicia Celta é apartada dos foros de discusión europeos e, o que é mais grave, desaparece dentro da casa, hipercriticábase e non se fai caso ás fontes clásicas, negándose irresponsablemente e *a priori* o carácter céltico do país. Os arqueólogos refuxiáronse nos castros antes de que chegara a romanidade e o mergullara todo polos anos 60 coa chamada *Escola de Balil* á que debemos numerosas obras nestes últimos anos nas que o celtismo pásase en silencio ou é obxecto dun escarnio que hoxe se volve contra os detractores.

#### ♦ *A Corrente Celta actual*

Os estudos célticos mantidos ata entón polo único prehistoriador galego de alcance europeo, Luis Monteagudo García, retomáronse con rigor e método en Galicia en 1974, reiniciados en solitario por Fernando Alonso Romero nos eidos da relixión e etnografía. Dez anos despois o profesor Jurgen Unterman, analizando as dúas linguas indíxenas indoeuropeas da península Ibérica, o lusitano e o celtibérico, estableceu a unidade lingüística das Antigas *Gallaecia* e *Lusitania* no III Coloquio sobre Linguas e Culturas Paleohispánicas (Salamanca 1985) -*Los teónimos de la región Lusitano-gallega como fuente de las lenguas indígenas*<sup>9</sup> e a estirpe céltica da lingua lusitano/galaica ata entón reservada para a lingua celtibérica, dende que en 1943 Caro Baroja intuíra o carácter céltico de dúas inscricións<sup>10</sup> e tres anos despois A. Tovar bautizara co nome de celtibérico a nova lingua céltica.

A aparición do chamado Bronce de Botorrira, promoveu a publicación dende 1974 dunha serie de importantes traballos que despertaron a atención europea sobre a Península Ibérica e o célebre bronce convertiuse na estrela dos animados Coloquios sobre Linguas e Culturas Paleohispánicas (I-V, 1974,1989). Ás apalpadas, o interese que despertou esta lingua extendeuse tamén á cultura material<sup>11</sup> céltica, sumándose ós lingüistas, arqueólogos e historiadores do Mundo Antigo recoñecidos, sinaladamente Martín Almagro Gorbea<sup>12</sup>.

Ó voltar estes estudiosos os ollos sobre o NW. e a súa arqueoloxía atopáronse co panorama xa descrito, chegando Schmidt á conclusión de que Untermann se equivocara ó non ter nada céltico o noso país: *Untermann (1987:69 ff) failed in his attempt at proving the archaic celtic character of IE \*p in anlaut because the word porcom pig in the Lusitanian inscription of cabeço das Fraguas is not attested in a definite celtic context... on the other hand, celtic names in Lusitanian inscriptions are not sufficient proof for genetic relationship, as they can result from language contacts (Schmidt. 1985:325)*<sup>13</sup>. Todo isto, por mor do teimudo rexeito *fundamentalista* -que non fundamentado- do celtismo polos nosos arqueólogos e historiadores.

En solitario (agás Luis Monteagudo e Isidoro Millán, ó que algúen alcumou con acerto *o noso millor celta*) foi e é Jurgen Unterman o grande difusor e defensor

<sup>9</sup>*Actas del III coloquio...* 343-63.

<sup>10</sup>Caro Baroja, J. *Observaciones...* II, pp. 22,36.

<sup>11</sup>Hoz, Javier de (1986 a) *Reunión sobre epigrafía hispánica da época romano-republicana*, Zaragoza, 43-102 e 191-207; (1986b) *The emergences of the celtiberian Language and the celtiberian culture*. En D.E. Evans et al. *Proceedings of the seventh International Congress of Celtic Studies*. Oxford. Jesus College. 1986; 272ss.

<sup>12</sup>1987. *La Celtización de la Meseta, estado de la cuestión*. *Actas del I Congreso de Historia de Palencia*. 313 ss.

<sup>13</sup>Horst Schmidt, Karl (1992). *ZCP*: 51 e 52.

extraordinario en Europa do carácter céltico da lingua do NW, non sen oposición, sinaladamente do Dr. Karl Horst Schmidt e dos sorprendentes traballos e liñas interpretativas neoinvasionistas, intolerables para nós, dos novos investigadores do mundo céltibérico.

No 1976 e 1980 o catedrático de Arqueoloxía da Universidade de Santiago, José M<sup>a</sup> Luzón Nogué reintroduce nas aulas a tradición arqueolóxica xermánica e anglosaxona, incentivando técnicas interdisciplinares nos seus alumnos, que serán o xérmolo de grandes estudos (Xulio Carballo) e da actual corrente interpretativa celtista galega.

En 1990, os estudos celtas revitalízanse en Galicia coa aparición da obra da Dra. Blanca García Fernández Albalat, *Guerra y Religión en la Gallaecia y la Lusitania Antiguas*. En 1991, 1992 e 1993 quen isto escribe, A. Pena Graña, publica dous libros e unha serie de traballos sobre a pervivencia e desenvolvemento dun arcaico e sólido modelo de artellación da Terra e as institucións na *Gallaecia Antiga* ó longo da Romanidade e da Xermanización, retomando os vellos estudos institucionais do Seminario de Estudos Galegos.

#### ♦ *Impostura dunha cultura castrexa*

Non podemos establecer o carácter céltico dunha cultura unicamente pola forma e disposición das súas casas ¿Quén ousaría definir a Galicia finisecular como **cultura de vivendas adosadas**? ¿É mínimamente de recibo definir a nosa Idade Moderna como cultura das casas terreas?

Respostar afirmativamente estas preguntas non resultaría unha impostura maior que a que se comete ó denominar **castrexa** á cultura do Noroeste cando nin é esta forma de hábitat exclusivo da sobredita área xeográfica, nin na xeografía e diacronía histórica da Península Ibérica constitúe unha particularidade con respecto a vastísimas áreas culturais de Europa. Sinaladamente o NW refléctese perfectamente no ámbito da Europa Atlántica continental e Illas Británicas coñecido baixo o epígrafe de celta.

A pesar de que o finado profesor Carlos Alonso del Real fixera un excelente traballo, ninguén pode evitar que en Cornualles, por pór un exemplo, o chamado Warbstow Bury Hillfort responda a un tipo de castro en outeiro que encaixa como a luva á man con aqueloutros castros tranqueses de Leixa (Ferrol) ou Petouzal (Xuvia-Narón); que o castro chamado The Rumps teña como contrapunto Baroña ou Lobariz por citar algúns dos castros costeiros galegos; e que Castle an Dinas, Castle Dore, Saint Denis, Hellsbury e moitos outros so poidan afastarse dos nosos castros polo senlleiro feito diferencial da súa conservación e limpeza, unha limpeza froito da sensibilidade e coidado que amosan os británicos co seu patrimonio, en contraste coa desidia (conxunción do desinterés dun sector dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia e da vocación forestal á que destinan os castros os plans dos Concellos) de que son obxecto os Castros que sobreviven á devastadora acción da concentración parcelaria que o derruba todo no seu indomable e sinistro avance, diante da pasividade das institucións e do pobo.

#### ♦ *A aférese dun P inicial*

Tampouco podemos establecer o carácter céltico dunha cultura unicamente pola súa lingua (Andrés Pena 1991:124.).

Algúns autores (B. García Fernández Albalat, 1990:15-20) sosteñen que *un pobo é celta porque a súa lingua é celta* e por que fóra da lingua non é doado atopar un criterio de identificación exacta<sup>14</sup>.

Segundo estes argumentos os *Callaicos* deixaron de seren celtas dende o século IV para facérense romanos; os suevos e visigodos que chegaron á península falando latín

<sup>14</sup>Le Roux, François, Guynovarch, Christian - J. (1978): *La civilisation celtique*. Imprensa especial de *celticum* 24 (suppl. de *Ogam-tradition Celtique*, T.30), Rennes:20-25.

serían asemade romanos, e casteláns os amerindios dos séculos XVI-XVIII, e (para satisfacción do Dr. de Hoz) só serían celtas os celtiberos do Ebro Medio que teñen lingua céltica malia que a súa cultura e institucións amosen unha forte aculturización Ibero-griega.

A imposibilidade de aunar *les mots et les choses*, a linguística coa arqueoloxía, salientada por C. Refrew<sup>15</sup>, xúnguese ó feito de que a celticidade afonda as súas raíces no Neolítico e na Idade de Bronce e o concepto de *celticidade acumulativa*, aínda que non se perciba a primeira vista, exclúe criterios lingüísticos rigoristas ou dogmáticos aplicados á Hispania Prerromana.

Láíase Untermann (1992:371-374) de que "*nomes cunha letra P inicial ou intervocálica acusen unha capa lingüística precelta cando aínda non hai a mínima evidencia en contra da hipótese de que a desaparición da P nas posicións mencionadas tivera lugar dentro da historia propia das linguas celtas; e dicir, que haxa que contar con dialectos celtas marxinais ós que chegou tarde ou nunca este cambio fonético (Untermann 1992:372)*" mentres outros autores negan o carácter céltico das linguas que conservan a P inicial (o ditoso *porcom* de Cabeço das Fraguas) na Península e sosteñen que a única lingua celta (dentro do máis puro neoinvasionismo) sería o celtibérico:

*Celtiberian language and culture are the final result of a process of separation, before of birth of the La Tene culture, in the original nucleus of continental celtic (Schmidt 1992: 149)*<sup>16</sup> e que ás novas invasións e pistoletazos dentro da Península, serían exclusivamente protagonizadas polos celtas que pertencen á nación celtibérica (de Hoz 1992:9)<sup>17</sup> á que debería a súa celtización aparente o Noroeste, onde paradoxicamente, como demostrarei neste artigo, conservaríanse estruturas institucionais da organización sociopolítica celta intactas dentro dunha base territorial, ben demarcada, chamada **Treba** ou **Touta** (conformando comarcas sen vida urbana que as fontes clásicas chamaran *civitates*) que non tiñan os supostos invasores celtiberos.

Nesta liña, ten que recoñecer o doctor de Hoz que os sobreditos celtiberos '*May have lost their material culture completely or nearly so* (de Hoz, ibi, 19) e preguntarse *if there are traces among the celtiberians of social, religious or literary features that could take its origin from a Common Celtic heritage*' e augurar '*we follow here a dangerous path*'.

As teorías etnocéntricas e neoinvasionistas dos lingüistas celtibéricos gozan da aceptación de destacados arqueólogos como Alberto J. Lorrio<sup>18</sup>. Mais hoxe é insostible

<sup>15</sup>Archeology and Language. The puzzle of Indoeuropean origins. Cambridge 1988.

<sup>16</sup>Horst Schmidt, Karl. Celtic Movements in the first Millenium B.C. JIESJ 20 , 1-2 (1992) p. 149.

<sup>17</sup>Javier de Hoz. The Celts of the Iberian Peninsula. ZCP. 1992, p9.

<sup>18</sup>Los celtas en el noroeste. Revista de Arqueología 1991 p. 31. Este autor chega a afirmar: *A utilización de cascos de tipo da tène, como o que ostenta o guerreiro de Sanfins, e de torques ó colo ou de viriae ou brazais, nos antebrazos, pode considerarse como típicamente celtica. O uso, pois, de torques e de viriae serían a testemuña da aculturación céltica da cultura castreña ou ó menos dunha parte importante da sua sociedade, tendo que buscala orixe destas influencias posiblemente na Meseta, foco de procedencia asemade dos elementos armamentísticos, como os escudos circulares e os puñais ou espadas curtas e as suas vainas, ben documentados nas necrópoles prerromanas meseteñas. Nembargantes, o conxunto dos guerreiros galaicos ofrece unha grande singularidade, sendo difícil de paralelizar con outras manifestacións artísticas propiamente célticas e mais adiante. A onomástica e claramente indixena, propia da zona lusitano-galaica, en xeral considerada como celta... Outras manifestacións da escultura castrexa, como algunhas pezas entronizadas de difícil interpretación e tal vez relacionables ideoloxicamente, con pezas célticas sedentas do Languedoc, resultan, de mais difícil vinculación co mundo céltico peninsular, inda que unha delas achada en Xinzo de Limia lucía un torques no colo e brazais nos antebrazos. ... Polo que respecta a diadema de Santo Martiño do Oscos, sua vinculación co arte céltico continental parece evidente... De grande interese, dada a evidente relación iconográfica co mundo céltico, e o grupo das cabeza humanas realizadas en pedra, xeralmente sobre granito, conxunto repetidamente tratado por diversos autores que insistiran na súa aparente vinculación co tema das cabezas cortadas célticas. ... cabe facer mención de duas representacións bifrontes, isto é, con sendas cabezas contrapostas realizadas sobre un mesmo bloco de pedra, procedentes de Outara, e Amarin, as que se xunxiría outra cuadrifonte de Pontedeume, emparentables con pezas semellante ben*

unha aculturación celtibérica do NW. Só nunha ocasión se testemuña a entrada de xentes do Ebro en Galicia, a finais da primeira década do século XII: *...saevus igitur celtiberus Gallaetiam furibundus intravit...*<sup>19</sup> Só durou tres meses e, como conta o *Anónimo de Sahagún*, o Conde de Galicia D. Pedro Froilaz botounos do país *con moi gran desonrra*.

## II.- UNHA ORGANIZACIÓN POLÍTICA INSTITUCIONAL DE BASE TERRITORIAL

### A) TREBA E TERRITORIUM

Máis adiante referirei o sentido institucional do Castro, recinto fortificado, ben defendido por foxos e terraplenos, e o seu espazo económico demarcado concebíndoo como *casa* -no seo do concepto de soberanía doméstica de W. Schlesinger- dun señor ou *dominus* e veremos en que consiste o seu *dominium*. Agora analizaremos a *Treba*, eixo da articulación política, socioeconómica e relixiosa do Noroeste dende a Idade do Ferro, aínda que a súa orixe é moi remota, ata a Idade Media...

Os territorios políticos (**TP**), que coinciden co que hoxe veñen ser as comarcas, estaban determinados por marcos de pedra, *TERMINI*, fitos terminais (sinalados xa por Ferro Couselo na súa tese *Petroglifos de Termino*) como o que podemos ver na inscrición rupestre do Rigueiral (Sanfins, Valpaços): TERMIN. TREB. OBILI<sup>20</sup>. Coñecemos os **TP** polas fontes clásicas<sup>21</sup>, a epigrafía e as fontes<sup>22</sup> medievais.

Antes de encetar o problema da distribución xeográfica e amosa-la metodoloxía que se debe seguir para a súa correcta redución, pasamos a establecer o seu carácter institucional e adscripción cultural.

Este sistema de articulación territorial en unidades políticas demarcadas é céltico como amosa o feito de que o territorio político recibe no NW o nome céltico de *Treba*

*coñecidas no mundo céltico tanto continental como no ben asentado nas Illas Británicas que en xeral, interpretáronse como representacións de diviñidades.* pp. 31 a 34.

<sup>19</sup>*Historia compostelana*. Lib.1. Cap. 64

<sup>20</sup>E. Hübner, *Ephem. Epigraph.* CIL suppl. Berlin. 1903, VIII, 275 b. En: Antonio Rodríguez Colmenero. *Corpus-Catálogo de inscripciones rupestres de época romana del cuadrante Noroeste de la Península Ibérica*. Anejo nº 1 de Larouco. Edicións do Castro 1993 p. 14-15-

<sup>21</sup>As primeiras sitúan no NW ós Adovi (Plino 4,III); Albiones (Plin.4 III); Amaci (Ptol. 2, 6,36); Arroni ou Arrotrebae (Plin. 4,III); Artabri (Ptol. 2,6,22, Plin. 4, III, 5 trab. 3,3,5); Astures (Ptol. 2,6,28); Baedui (Ptol. 2,6,26); Bedunenses (Ptol. 2,6,31); Bibali (Plin. 3,28, Ptol. 2,3,43); Brigaecini (Ptol. 2,6,30); Cibarcis (Plin. 4, III); Celtici cognomine Neri (Plin. 4,III); Celtici Supertamarci Supertamarici Mela 3,11 (Plin. 4,III); Cilini /Celeni/ Helleni (Ptol. 2,6,25; Plin. 4, 111); Coelerni/Coelerni, Gallaeci (Ptol. 2,6,42, Plin. 3,28); Copori/Copori (Plin. 4, III, Ptol. 2,6,24); Egivarri Cognomine Namarini, Egurri, Gigurri (Plin. 4, III; Ptol. 2,6,38; Ptol. 2,6,52; Plin. 3,28) Equaesii (Plin. 3,28); Grovii (Ptol. 2,6, 38, Plin. 3,28); Lanciani/Lanciensis (Ptol. 2, 6, 29, Plin. 3,28); Lapatian(n)ci (Ptol. 2,6,4); Lemavi (Ptol. 2,6,25; Plin. 3,28); Leuni (Plin. 4, 112); Limici (Ptol. 2,6,44); Luanci (Prol. 2,6,47); Lubaeni (Prol. 2,6,48); Luggones (Ptol. 2,6,33); Narbasi (Ptol. 2,6,49); Nemetati (Ptol. 2,6,41); Ornaci (Ptol. 2,6,32); Paesici (Ptol. 2,6,5; Plin. 3,28, 4, III); Quarquerni/Querquerni (Ptol. 2,6,47; Plin. 4, III); Saelini (Ptol. 2,6,34); Seurri/Seurbi (Ptol. 2,6, 27; Plin. 4,112); Superati (Ptol. 2,6,35); Tiburi (Ptol. 2,6,37); Turodi (Ptol. 2,6,40);

<sup>22</sup>As fontes epigráficas recollen ós Aebisoci/Aebosoci (CIL. II 2477; IRG IV 74); Ambimogidus (CIL II 2419); Ancondei (CIL II 2520); Bibali (CIL II 2477; 2475 (Biba(1)us); Cabareus (CIL II 5739); Cileni (C.I.L. II 2649; EE. VIII 132; Cilin(us); IRG 120 Cilenus); Coelerni (CIL II 2477; IRL 29 Coelernae; AF 1972 382; Coelerni); Copori (CIL II 5250=IRPL 34; Princeps Coporum); CIL I15250= CM León 21, nº 13a; Copori); Equaesii (CIL II 2477=CM Zamora II; Equaesii; HAE 899; Equaesii; HAE 1347=ILER 2867; Equaesii); Gigurri (CIL II 2610; Gigurro Calubrigense); Interamici (CIL II 2477; CM León 90; Interamicus; Rivas Fernández B. Aur., 3, 1971, 79-83 *Res Publica/Interamicorum*); Limici (CIL II 434=204 9 (CIL II 827 = 4215; Limico, CIL II 2477; Limici; 2496; Lim(i)cus; 3034; Lim(i)cus; 5953; Limicus; 4963(1) = 6246(y) =A. Port. 28; 1928-9; 213 nº 1 Luzón, en Huelva, n. 38 a 63; Limicus; Cm Cáceres 211; Limic(us) 2516; *Civitas/Limicorum*; IRG IV1: (L) ari (bus) civitat(is)/Li) m (iorum)); (Valduerna) Ornaci (CIL II 2a633 *Tabula hospitalis* de Astorga = 2633); Quarquerni (CIL II 2477), Supertamarci (CIL II 5081); Tamagani (CIL II 2477; IRG IV 66); e Zoelae (CIL II 2633; 2651; 5684).

que significa etimoloxicamente 'casa' no concepto antes aludido de soberanía doméstica e relacións verticais de dependencia (a sucesión de Castros *-domi-* que configuran dentro dunha *Treba* un macroterritorio demarcado e autárquico, constitúe unha sucesión de casas nobres ligadas verticalmente mediante relacións de clientela ó *princeps* do *Treba*) que debemos traducir como **Terra**<sup>23</sup>, concebida politicamente como un espazo xurisdiccional de tamaño medio, demarcado nunha comarca, e que vai recibir durante a dominación romana os nomes de *civitas/populus/respublica*, termos que aluden a un mesmo obxecto institucional, sendo unha falacia interpreta-lo paso dunha denominación a outra como un indicio de cambio estrutural por mor da acción aculturizadora do Imperio. Chegarán á Idade Media con todo o seu armazón institucional procedente da Idade do Ferro intacto, da man das *Terrae* ou *Territoria*, conservando en moitos casos a súa denominación orixinal e, o que é máis importante, a súa estrutura política e relixiosa.

O sistema de artellación en unidades políticas demarcadas que denominaremos **TP** (Territorio ou Territorios políticos) hai que dimensionalo no contexto dunha relixión (B. Albalat), dunha lingua (J: Untermann) e de institucións (A.Pena) célticas, sendo similar ó dos outros pobos indoeuropeos así artellados.

Responde a un modelo ben coñecido e arcaico de sociedades moi xerarquizadas, cabaleirescas, provinte dun horizonte institucional lonxano, recoñecible na primeira Idade do Bronce, que afonda as súas raíces no Neolítico. Este sistema ficaría residualmente conservado en estado fósil en áreas xeográficas marxinais como o NW, as Illas Británicas e amplios espazos do continente.

Estas unidades territoriais funcionaban como estados (evidentemente non estados modernos, mais si como os estados dunha casa nobre) por canto podemos aillar nelas xerarquías políticas e relixiosas con funcións ben discriminadas e unha organización doméstica e cabaleiresca no asentamento que configura un **macroterritorio económico demarcado autárquico** que chegará, formalmente modificado (transposición do castro/*domus*, territorio económico demarcado autárquico, á *villa*, tamén territorio económico demarcado autárquico, e *pazo*, centro de recepción de rendas xurisdiccionais), pero intacto institucionalmente no NW ata o século XII, e por canto definimos nel un *topos* poliinstitucional en campo aberto, o **Oenach/Forum**, que cohesiona tódolos elementos políticos, xurídicos, económicos, sociais e relixiosos, onde se revela o carácter de estado do **TP**. Antes de fixar as características da *Treba* da Antiga *Gallaecia* convén que examinemos o funcionamento do **TP** no mundo céltico para establecermos os principais rasgos do seu carácter.

#### ♦ O caso irlandés

En Irlanda a illa atopábase fragmentada en TP. Un rei (*ri*) exercía a soberanía dentro do Territorio Político (T.P.) chamado **Tuath**. O rei chamábase *ri-Tuath* e baseaba o seu poder na súa clientela, que el reclutaba entre os cabaleiros terratenentes.

Estes cabaleiros eran señores de casas nobres (*fine*) que estendían a súa soberanía doméstica sobre parentes e clientes, *bo-aire*, homes libres propietarios de bois e terras, e os *am-bue*, literalmente 'sen bois', ós que puñan vacas e ós que entregaban campos de cultivo perfectamente demarcados (nunha especie de préstamo de uso vasalático) a cambio de rendas e asistencia militar de infantería mentres eles servían ó seu rei a cabalo.

O concepto de familia e parentesco antigo irlandés é complicado (*gelfine*, *derbfine*, *iarfine*, *indfine*), mais a "familia certa", *derbfine*, non se estende alén do bisavó (Mytum 1992: 106-9), e a *gelfine* alén do avó na liña directa e colateralmente ó sexto grao (primos segundos) (=Camali Ulpini F. Celtius F. (Viseu)). O clan familiar toma as súas

<sup>23</sup>Pena, A. Obr. cit. 1991- 1992 p 33-48.



decisións colectivamente, mais sempre hai neles un cabeza nobiliar que os cohesiona xunto a un sucesor ou herdeiro deste posto (*tanaiste*) tanto nas familias nobres como na realeza (H. Hubert 1932:436-437)<sup>24</sup>, nomeándose Tanistry este sistema de sucesión.

Ó xefe da fine correspóndelle exercer a xurisdicción plena sobre o seu dominio, estado ou casa e o mando militar.

Estes nobres vivían en Castros chamados *rath* ou *duns*. O nobre serve sempre ó rei do *Tuath* a cabalo, asistido polos seus clientes a pé como se ve en todo o mundo céltico.

O Territorio Político, *Tuath*, e o seu *ri*, contaban cunha clientela de mozos en idade militar chamados **fianna**, confrarías de xóvenes solteiros, baixo o mando de xóvenes nobres (*maic rig*, fillos de reis), de entre 14 e 20 anos de idade, que facían nunha parte do ano función de policía de fronteira e exército permanente ó tempo que na outra se situaban fóra da lei ó pasaren as fronteiras (*fer tar crich*, un home tralo Territorio) do reino (similares ós descritos para o NW -lusitanos- por Diodoro (5, 3, 4, 6, 7), por mor de varias circunstancias, entre as que estaba o exercer o dereito de vinganza (*Crith/Gablach* 72) dos homicidios<sup>25</sup> e mortes de homes do seu *Tuath* polos doutro territorio; asemade cometían roubos ós inimigos do *Tuath*, facéndose de paso cunha dote para as súas mulleres ou para o peculio persoal. Tiñan o lobo -como cecais amose o caldeiro de Gundestrup de factura celta (Mc. Cone. 1987; 112-4)- como animal totémico.

Estas bandas son similares a outras que coñecemos no mundo indoeuropeo -céltico, xermánico, latino, grego...- e caracterizábanse por unha vida marcial, aventureira e licenciosa que ten un paralelo nos mozos errantes que rexistra Duby (George Duby 1977: Chap. VII) na Francia medieval, e na Galicia pode servir de exemplo o caso que conta López Ferreiro<sup>26</sup> de Sisnando Galiariz.

As correirías destes mozos paraban logo da adquisición de propiedades por herdanza, despois da morte dun pai ou ó obter un préstamo de uso vasalático -unha especie de pequeno feudo ou dote territorial-, ou instalarse na clientela dunha casa nobre, pasando do *fian* a integrarse na sociedade do *Tuath*.

O carácter sacral desta monarquía xa foi abondo establecido por numerosos autores (Dillon 1947; Mc. Cone 1987, Stokes, 1981, sinaladamente Binchy, 1970:11-2; Vries 1961:235.-47; ó Cathasaig 1977:27-8; Dumézil, 1970:4-5; etc.). Compría ó rei asegurara prosperidade sendo abegoso para a fartura do país, para a fertilidade, contra as plagas, o andacio, mesmo para dete-lo ataque dos inimigos coa condición de manter un estricto

<sup>24</sup>Hubert, Henri (1932). *Los Celtas y la Civilización céltica*. La Renaissance du Livre (Reimp. esp. Edicións Akal 1988 p. 436-437).

<sup>25</sup>O pago da composición non eximía a familia do difunto do dereito de vinganza.

<sup>26</sup>Historia da S. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela T II 1899:933-935, conta que nin o país, e nin as mesmas cidades, incluso a de Santiago, vianse seguras dos atentados daqueles foraxidos. Un deles foi un cabaleiro chamado Sisnando Galiariz que cos seus hirmaos estaba o fronte dunha numerosa banda de salteadores que actuaban entre Santiago e o Río Ulla nas propiedades da Igrexa compostelán. O longo de sete correrías apoderouse da *Villa* de Oza, destruíu a Iglesia de San Felix de Salas levando cautivos a 21 homes, 50 cabezas de gando maior e moitas de gando menor por valor de 500 soldos; na *villa* de Sales apoderouse de 10 homes valorado en 390 soldos. Na *villa* de Rial colleu homes **imbuciatos** e gando por valor de 50 soldos, saqueou o mosteiro de S. Miguel de Raris, levándose ó presbitero Aspadio e cinco monxes, dous cabalos que valían 200 soldos, 31 bois e vacas, 100 cabezas de gando menor, 31 porcos e diverso inmobiliario do mosteiro, na *Villa* de Reis roubou 200 bois e vacas e 500 cabezas de gando menor. Da *casa* de Vimara Visteraci sacou 6 homes que vendeu como escravos e un cabalo de 200 soldos. Asesinou ó Presbitero Odoario, ó monxe Alvito e a dez homes. A Sisnando e Paio cortoulles ambalas mans e a lingua, e os pes a unha muller chamada Toda. Unha recua de 25 mulos que levaban o viño o Rei Bermudo III da súa adega de Gomariz, no Riberiro, foi asaltada por Sisnando e tras apalear os condutores ata dalos por motos cortou os rabos e as orellas a tódalas cabalgaduras (Florez T. XX da H. S. Tumbo A) Un fillo do Conde de Galicia D. Pedro Froilaz comandou outra cadrilla de bandoleiros na terra de Santiago atacando no Camiño Francés os intereses do arcebispo inimigo do seu pai. Os feitos de Sisnando Galiariz e os seus hirmáns ou as aventuras do príncipe dos Longobardos Alboino e os seus compañeiros a comenzos da Alta Idade Media que rexistra Pablo Diacono amosan a homoxeneidade indoeuropea na extensión e a longa pervivencia deste comportamento xuvenil.

código de conducta que incluía numerosas prohibicións (*rex eris si recte facias si non facias non eris*) que recollen tratados morais como a *Tecosca Cormaig* (Meier, 1909:12-5) ou o *Audrach Morainn* (Kelly, 1976: 16.-7) onde o rei amosa a man chea de virtudes (fermosura, simpatía, valentía, rectitude, sabiduría, xenerosidade...) que os *mass-media* atribúen aínda hoxe á Casa Real.

#### ♦♦ *Trebad*

Como sinala Kim Mc. Cone (1990:12:5), todo o sistema fundaméntase nas actividades do **Grad-Túaithe**, *clase de soldados-granxeiros propietarios de terras chamados os grados do reino/sociedade laica (Grád-Túaithe)*. As actividades do *Grád Túaithe* que xiran arredor da posesión dos bens nunha Terra en paz, chámanse **Trebad**, verba procedente da soberanía doméstica que non convén perder de vista por se-lo mesmo nome da unidade política territorial galega **Treba**.

*Trebad* era unha obriga duna clase especializada, profesional de *Briugaid*, os hospedeiros, dos que o seu altísimo rango e posición dependía da xenerosa provisión de hospitalidade a calqueira visitante que a demandara (Mc. Cone 1984: 2-7).

Este papel era desenvolvido en primeiro lugar por un *ri* (rei), un señor, e logo nunha gradación subalterna revelándose o seu carácter pacífico en que agás o rei ou o grande nobre o *briugú* non desenvolve un papel militar (Fergus Kelly 1988-36). O incumplimento desta obriga subvertía a orden social.


A provisión de hospitalidade foi unha das grandes funcións reais (Mc. Cone 1990:125<sup>27</sup>; Blanca García Fernández-Albalat 1990:268).

O nobre Brigú Bucher gabábase de que o lume nunca esmorecera baixo o seu caldeiro dende que estabrecera a súa casa (*ni-ro: dibdad tene foa choriu ó ro: gab Trebad*) e o seu comportamento foi loubado polo rei Cathaer:

*De certo foches, o Buchet, hospedeiro por daren xantar ós campañeiros (brugaid biata dám), eche unha doa o teu valor (gal), a tua xenerosidade (gart) o teu esforzo (gaisced), o teu sorriso de venvida (fóilte) a cadanseu no teu grande salón de bebida (mid chuairt) (in Mc. Cone 1990:124).*

O *Trebad* constátase en Galicia a través da arqueoloxía nas longas casas con banco corrido, verdadeiros *royal halls* onde *toman a comida sentados en bancos ó redor das paredes, sitúandose segundo a idade e a dignidade; a comida vaise pasando en roda* (Estr. 3, 3, 7); noticias que cobran sentido en Ateneo: ... *los celtas, tras esparcir heno por el suelo, ponen mesas de madera poco elevadas... Su alimento consiste en pan, en pequeñas cantidades, y en mucha carne cocida en agua, o asada sobre carbones, o ensartada en espetones. Los alimentos se disponen sobre mesas, pero ellos, como los leones, los toman con las mismas manos, los desgarran y los devoran. En sus festines admiten también el pescado... Usan para sazonar la sal, el vinagre y el comino; el pescado lo asan en la parrilla y ponen comidas también en la bebida... Si hay varios convidados, se sientan todos en rueda, reservando el sitio del centro para el más honorable, bien sea el jefe del ejército, bien un noble de rancia estirpe, o bien un hombre distinguido por su riqueza. El que recibe se sienta cerca de él, y a continuación todos los demás según su condición... Detrás de ellos están de pie los que les sostienen el escudo con las armas... Los que sirven las bebidas llevan copas de barro o plata, en forma de calderos. Los platos y escudillas donde ponen la carne son del mismo material, aunque también los hay de cobre, y a veces son incluso cestos de mimbre (IV,9).*

<sup>27</sup>For instance the saga *cath maige Tuired* dwells upon King Bres's catastrophic failings in this area (part. 36-9). The proper lay out of a king's feasting hall or *Tech midchiarda* is described in prose by Crith Gablach (part. 46) and though a diagram as well as in verse by LL 3637-789); and *Tecosca Cormaic* (part. 4) list the properties of a king and an ale house (*ada flatha 7 cuirmthige*)



E explica a función dos cargos do pazo (*aula regis* e *aula comitis*) medievais sinaladamente o feito de que cando o Conde de Galicia D. Pedro Froilaz entronizou en Santiago ó infante Afonso Raimúndez na comida celebrada o 17 de setembro de 1111 no pazo do bispo Xelmírez, como amosa a *Hª Compostelana* (Lib. 1. Cap. LXI), ofreceuse ó monarca mozo un magnífico banquete. O Conde D. Pedro Froilaz fixo de reposteiro maior, o seu fillo D. Rodrigo Pérez servía de portador das armas reais, outro fillo, D. Bermudo, facía de copeiro e o xenro do Conde de Galicia presentaba ó rei os manxares segundo un rixido e vello protocolo.

Na categoría das persoas inmunes por debaixo do druída, rei de reis, *ri-Tuath* cabaieiros terratenentes (*flaithi*) -linaxudos e menos linaxudos ó haber un *grad flatha*<sup>28</sup> que discriminaba en categorías á clientela (*cenel*)-, e o clero, unha complicada morea de oficios deixaba paso os grados máis baixos dos propietarios que tiñan gando (*bó aire*) -fundamento do estatus legal (Crith Gablach, 13a 24)-. Baixo eles os *am-bue* (\**am* = sen \**bowyos*= bois) adolescentes solteiros non integrados inda na propiedade adicábanse a caza e á aventura guerreira, tutelados polos parentes e nobres que os tomaron en adopción.

Tanto o territorio político (TP) ou Tuath como a función soberana do mesmo, *ri-Tuath*, vincúlanse verticalmente -dentro da estrutura de clientela da soberanía doméstica- cun rei de reis. Neste contexto debemos encadrar os *hospitia* interterritoriais anoados entre *Trebas*, ou entre particulares e *Trebas*- na asemblea estacional, como veremos diante do altar e Pedra do Treba (Trebpala) -no NW peninsular. E é neste contexto vertical de dependencia onde encaixan as pequenas pezas de bronce con forma de apertón de mans, que tan plasticamente amosan o seu carácter vasalático, e que figuran no repertorio das *tesserae hospitalis* celtibéricas. Mediante este tipo de vínculos, un TP ou un particular supeditábase a outro. A cambio dunha contribución anual, de axuda militar e pago dun censo, recibía terras (previamente donadas) e protección. Os *in fidem acceptos* por un *princeps* ou o seu TP convertíase en dependentes da *Treba* receptor (Lám. II). Este é ó meu xuízo o sentido da verba *can/tref*, similar á celtibérica *con/Trebia* e á latina *con/tributi*.

#### ♦ O caso Galés

En Gales os reis gobernaban o país á maneira dos pais de familia (H. Hubert. 1932:466). Como en Irlanda o país estaba dividido en unidades políticas. Catro reinos subdividiáanse en TP chamados **Cantref**<sup>29</sup>, ocupados por clans nobiliarios (casas), definidos por fortes lazos de parentesco e agnaticios. Os reis e a súa clientela *Bonheddigion* (Terratenentes) contan con labregos -ós que entregarían terras a cambio de axuda militar (infantería)-. Son colonos, diferentes dos servos *caethion* e instalados? *altudiaom*, conformando o complicado entramado vertical celta de obrigas mutuas que nos remite á rixida xerarquía social da Galicia Medieval (*reges, bene, nati, miles, sattetites, homines de mandationis, homines de criationi, homines de ganantia, bonos homines servi*, etc).

*Os galeses tomaron da Casa Trev* (=Trebad, no esquema de soberanía doméstica) *os termos diversos que desíñan a propiedade territorial*<sup>30</sup> Dotábase coa *Trev* de terra, é dicir unhas dúas hectáreas, a cada persoa libre da familia que chegaba á idade adulta. O sistema semella que continuou segundo Hubert funcionando no país de Gales ata o século XIV, sen grandes tropezos ( Hubert:442).

<sup>28</sup>Ex Crith Gablach 23; CIH 1593.6 e 1595.25.

<sup>29</sup>Parells semántica e institucionalmente os Trebas cantref (= TRE = TRIFU = TREBA = TEUTA = TOUTO = TRIBU); Con/trebia, con/tributi e dicir Trebas xunguidos vontariamente fonte ós atribuídos por conquista, at/tributi = a/trebatas.

<sup>30</sup>Joyce; Nisbeth; Meitzen; Vinogradoff in H. Hubert: 1.932: 441

#### ♦ *A Treba Galega*

En Galicia a verba **Treba** aparece nas fontes, en contexto territorial, só nun caso ó mencionar Plinio os *Arroni, Arrotrebae*, isto é os Arróns ou Terra de Arrós, Territorio Político Medieval que chegou ata hoxe no arceprestado de Arrós, pertencente á Diocese de Mondoñedo-Ferrol. Máis abundante no rexistro epigráfico, deslinda un Territorio como fito terminal na inscrición rupestre do Rigueiral (Sanfin Valpaços) á beira dun regato sobre un outeiro co epígrafe TERMIN(US) TREB(AE) OBILI(ORUM)<sup>31</sup>. Mais é na importantísima inscrición rupestre de Cabeço das Fraguas onde revela o seu sentido.

Perdida, e reencontrada no 1959 por Adriano Vasco Rodríguez, foi transcrita por Untermann e Rüssel Cortes en *lectio* directa e interpretada por Antonio Tovar no contexto dunha suovetaurilia

OILAM -TREBOPALA  
INDI - PORCOM LAEBO  
COMAIAM-ICCONA-LOIM  
MINA-OILAM-USSEAM  
TREBARUNE-INDI-TAUROM  
IFADEM ///  
REVE TR...

que traduciu Antonio Tovar:

*Unha ovella para Trebopala/e un porco para Laebo, unha ? para Icona Loim/mina, unha ovella do ano para Trebaruna e un Touro Semental para Reve Tr....*

Na primeira liña atopámonos cunha categoría relixiosa (nome que prefiro empregar en troques de Teónimo): **TREBOPALA**, composto de dúas partes TREBO -PALA

A verba *pala* é de probada remota orixe indoeuropea ó atopar no 1983 Daniele Maggi esta verba no *Riyveda (vispala)*<sup>32</sup> e aínda é de uso común en galego significando oquedade, furado ou pedra cun furado. Nos dicionarios da Língua galega encontramos para esta acepción as definicións (X.G. Freixó Cid 1986:68) '*engasto no que van suxeitas as pedras preciosas*' de orixe latino que aluden á oquedade que as contem, '*Burato debaixo das pedras onde se cobixan os peixes*' que equivale á verba latina *lacus*, asociada ás pedras furadas convertidas en altares; '*parte picuda do azadón* (coa que se fura radical que cecais estea presente nas verbas palo e pala); '*cova*' (cecais tamén as galerías ou pozos mineiros ¿*palacurnae?*) *pedra aburacada pola sua parte baixa* (estas tres últimas definicións do dicionario de X.L. Franco Grande, quen define a voz *paleira* coma a touba dun animal).

No galego a identificación da verba Pala coa latina *Lacus* é sinxela. *Pala* asociada á verba *Treba* e ó sacrificio do tipo *suovetaurilia* alude a un altar de pedra similar ó pilón ou *lacus* de Mougá (Oia)<sup>33</sup>, ó perdido de Panoias onde *sanguis laticulis iuxta superefunditur* (Colmenero. Anexo I Larouco. 1993:62-63); ó altar rupestre de Paderne, Betanzos e ós que mencionan Murguía e F. López Cuevillas e R. da Serpa Pinto<sup>34</sup> ... *as penedas con corgos naturais ou artificiais ou con pias e tanques abertos indudablemente pola man do home... existe no Coto da Recadieira, lugar notable pol-os numerosos achadegos de obxetos aureos que n-il tiveron lugar, un penedo con corgo e canle... que as penas dos xigantes a que denantes aludimos* (en Culleredo perto da Coruña) *presentan buratos de xeito circular, 'hechos a pico y que se corresponden por medio de canales'*;

<sup>31</sup>Hübner, E. Ephemer. Epigraph.CIL suppl. Berlín, 1903, VIII, 275 b. En: Antonio Rodríguez Colmenero. Anexo I de Larouco. Edicións do Castro 1993: 14-15.

<sup>32</sup>(1966-67 *Inscrición do cabeço das Fraguas et la langue des Lusitaniens*. E.C. II, p. 237,268); Tovar, A. *La Inscrición del Cabeço das Fráguas y la lengua de los lusitanos*. III Coloquio. 1985:253.

<sup>33</sup>Bouza Brey, F. BRAG. XX:175.

<sup>34</sup>Murguía *H<sup>o</sup> de Galicia* vol. I 2<sup>a</sup> de. p. 57; F. López Cuevillas e R. da Serpa Pinto. *Estudos sobre a Idade do Ferro no NW da peninsula*. Arquivos do S.E.G. VI. 1933-34: 29-31.

que na Pedra das Anduriñas, en San Estebo de Barcia, Lalin había corgos cobertos por laxes de tan grande tamaño, que custou moito maquiñal; que en Logrosa, Negreira, al-contrase outro penedo con tres buratos en forma de furil e dispostos en liña recta, que ao parecer estiveron tamén cobertos por unha laxe e derradeiramente que no Val de Vez, Miño e na citanía das Laxes das Chás, Oimbra, vense penedos que ostentan pias rectangulares coidadosamente labradas pol-a man do home 1933-34:325,326) que foron interpretados doadamente como *ara* ou *altar*.

A verba **Treba**, céltica, que pola súa raíz \**Treb*, relacionada coa casa e soberanía doméstica, pasa a referir no NW, como sucedera co antigo galés, o Territorio Político (T.P.) dunha comunidade: a *Terra* ou *Territorium*, que os romanos chamarán antes da conquista, e despois *civitas/populus*.

A *Treba* ten no NW un sentido institucional profundo e inequívoco como se desprende da análise dos rexistros sacrificiais da Lusitania, celebrados no contexto da asemblea ou feira estacional (*Oenach/forum*) do T. P....

*Treba*, na expresión irlandesa *Trebad*, e isto mesmo sucederá no noso contexto epigráfico sacrificial, creo que representa, *ut infra*, a unión sagrada do rei coa terra ou país.

#### ♦♦ *A Deusa Nai*

O país, T.P. ou *Treba*, aparecerá na epigrafía sacrificial do NW encarnado e tutelado por categorías relixiosas (*Trebopala*, *Trebaruna*), que parten, probablemente, dunha Deusa Nai celta. Unha *Mater* multiforme (*Matres*) que cecais despliega como agora veremos o seu carácter múltiple nas inscricións do Noroeste.

Prové dunha deusa antiga, arcaica diviñidade do substrato profundo coñecida en Irlanda como a *Cailleach* (recoñecida en Galicia a través do folclore das mouras que ofrecen obxectos de ouro, como na Pena Molexa do Val) da que toman elementos a Morrigan; Anu, Danu e Don nai tribal por excelencia dos pobos celtas; é a filla do Dagda, Brigit. Estas deidades preséntanse habitualmente en forma de Tríadas.

Danu xúnguese como proxenitora do Tuath co seu monarca nunha unión mística que representa a función relixiosa das feiras estacionais (o *Forum/Oenach* de *oinom*, *unum*, unidade) e as sobreditas actividades do *Grad Tuaithe* relativas ó aspecto claro da soberanía e á posesión de bens nunha terra en paz chamada en Irlanda *Trebad*, tan relacionada co banquete a través do *Briugú* e o caldeiro.

O múltiple aspecto da Gran Nai, diviñidade soberana (da 1ª función de Dumezil) e o papel que desenvolve no *Treba* do NW pódese apreciar con algunha nitidez nesta inscrición de Cabeço das Fraguas e sobre todo na de Lamas de Moledo.

Na primeira, Atonio Tovar interpretou doadamente o seu carácter de *suovetaurilia*, non romana senon indoeuropea, mais non nos revelou o carácter de **Trebaruna**, **Trebopala**, **Laebo**, **Icona Loimmina** e **Reva (Trebaruna?)** nin alcanzou o carácter do substantivo *comaiam* para o que non veu *explicación plausible* (1985:241) nen o luminoso epíteto de *Icona: Loimmina* si explicado por Schmidt<sup>35</sup>.

*Loiminna/loemina* (dat.) < \**Lomena* (with vowel inflection, shortening of \*o, e/i alternation) < \**Leuk-s men-a*, shining, brilliant (1985:235).

Temos que ter moito coidado e tento ó discriminar as categorías divinas da Deusa Nai o non facelo pode conducirmos ó deseño e creación dun panteón aberrante. Logo desta advertencia, modestamente creo poder establecer unhas liñas interpretativas que poñen en relación aspectos teolóxicos e institucionais, e albisca-lo posible sentido da inscrición de Cabeço das Fraguas.

<sup>35</sup>A contribution to the identificación of lusitanian. III Congreso sobre linguas y culturas paleohispánicas 335.

♦♦ *Por Tutatis*

A rotunda afirmación do sentido de *pala* (asimilada á voz latina *Lacus*) fornecida pola nosa lingua, confirmase noutra verba galega *croio* que aparece en dativo nunha inscrición de Lamas de Moledo que veremos máis adiante: *Crougeai*, e como *Crougintoudaigoe* literalmente *croio teutático* nunha inscrición do Mosteiro de Sta. María de Ribeira (CIL II 2565) descuberta polo P. Sarmiento. Sabido é que *croio* significa na nosa lingua pedra ou pelouro e que chamamos croques ás fendeduras e combaduras, sendo a *crouva* a parte da perna oposta ó xeonllo. Creo que a oquedad (*lacus*) do altar de pedra exténdese ás voces "*crouqueiro*", árbore con froito en xeral oco e "*crouco*", castaña seca (Franco Grande 1983).

A forma *touda* = *civitas* (= *Treba*) aparece asociada de novo ó altar na verba **croio teutático**.

Segundo Schmidt:

*Toutatikos must be taken as a derivación from the Gaulish divine name Toutatis/Teutatis, Wich has been explained by J. Loth. Rev. arched. 1925, 2,222 as a shortening (by haplogy) of Touto-tatis. Thus we get. Gaul. Toutatis < \*touto-tatis pere du peuple: Lusitan. \*Touta-ticos < \*tontos-tatikos. Both \*Touto-taticos and \*touto-palantaka are adjectival formations (Schmidt. 1985:332).*

*Touda* (ie *\*tewta=touto* dos Oscos, territorio político sen vida urbán con asentamentos rurais chamados *pagi*, auténticos Castros e Casas dunha verdadeira nobreza de sangue articulada en base á soberanía doméstica. Nun *pagus* capital do *Touto* residía o *Meddix*, maxistrado equiparable institucionalmente ó *rí*) e a "casa", configuran un espacio político de organización territorial (TUATH, TEUTA; TOUTO, TRIBU, TRIFU, TREF, CAN/TREF, CON/TREBIA, TREBA A/TREBATES, AT/TRIBUTI etc), e institucional indoeuropeo, unha *koiné* que provén dun momento moi temperán da Idade do Bronce -calcolítico- onde detectamos a sociedade cabaleiresca, a tumba individual, as armas e a diadema de ouro, ben testemuñada factográficamente no mundo Hitita e Micénico e nas filtracións que aparecen na Biblia) que confirman as modernas teorías *inmovilistas*.

A *Deusa do País* significase, probablemente, nas categorías relixiosas *Trebopala* e *Croio Teutático*, altares polos que se comunica (a través do *piaculum* polas entrañas das vítimas e a intermediación do sacerdocio que interpreta as sinais diviñas) co seu pobo. Así pois, cando se sacrifica unha ovella a *Trebopala* (*oilam Trebopala*) en Cabeço das Fraguas, a Deusa Nai na categoría relixiosa de *Trebopala* funciona institucionalmente como un oráculo da comunidade, sendo o altar unha ponte entre a diviñidade e o país.

♦♦ *Ovate*

Un sacrificio non é posible sen un sacrificador, demanda a existencia dun clero especializado, mesmo colexiado. Entre os celtas non se adoran as pedras, nin ríos, nin montes, non existen diviñidades solares nin lunares nin se representan -ata ben entrado o século I ou II, pola asimilación do panteón clásico, e aínda así moi raramente-, ós deuses, feito ó que alude Estrabón ó dicir que eran ateos, significando que non tiñan imáxenes dos deuses.

Polo contrario, a relixión céltica e unha das máis conceptuais e desenvolvidas da historia da humanidade. Un fato de diviñidades universais aparecen multiplicadas en categorías relixiosas e *triadas* locais, inflando e deformando un panteón céltico común, unha multiplicidade de deidades que son a mesma.

Dos sacrificios encárganse *ovates* ou *vates*, é dicir, videntes que profetizan e observan con macabro interese e fins adiviñatorios as vísceras sanguíneas.

A importancia social deste clero pódese apreciar, ó meu xuízo, nos coitelos sacrificiais ornamentados do MAN: un bóvido, entre cabezas de serpe, un prótomos de touro; un enmangue en forma de báculo en *tau* do Museo Arqueolóxico da Coruña, e máis claramente nos bronceos que aluden a estes sacrificios. Neles aparece o machado, unha trenza cecais relacionada coa función sacerdotal, o torques de perilla que asocia o sacrificio e sacrificador coa soberanía, o caldeiro, os animais que van ser sacrificados, dispostos en filas ás veces cos sacerdotes ou donantes que os van a sacrificar dos que falaremos logo, e tamén nos carros votivos estudados xa por Mario Cardozo.

Na segunda liña da inscrición, **e un porco para Laebo** (*indi, porcom Laebo*), aparecen as verbas, de uso común hoxe, *indi* (o *inda* galego: *inda máis, aínda*) e *porco*, utilizadas polos lingüistas para marxinar o carácter céltico do noso pobo, como se seren celtas ou non dependera da presenza ou caída dunha P inicial, as costas do contexto institucional que estamos vendo (o *Oenach* é un sacrificio ás *Matres* do *Treba*).

Se ten carácter céltico a deusa **Laebo** e a súa posible identificación, establecerémolo logo de falar de *Icona Loimmina* e *Trebaruna*.

#### ♦♦ *Epona luminosa*

A terceira liña da inscrición ata a primeira interpunción da cuarta, **unha egua para Epona Lumina**. (*comaiaim Icona Loimmina*), constitúe a clave para identifica-la identidade do sacrificio e amosar que estamos diante dunha triplicidade, unha tríada de categorías diviñas dunha única Deusa Nai do *Treba*.

Tovar dixo desta regra *Comaiaim Icona Loimmina. Esta linea é un pasaxe particularmente difícil*.

De *comaiaim* Tovar limitouse a sinalar que Corominas e Albertos déranlle o significado de ovella. Nunha recente publicación Colmenero (1993:105) recolle cun signo de interrogación este significado de ovella.

**Icona** é sen dúbida a deusa celta **Epona** como xa sinalara Daniele Maggi (nun traballo que non coñezo ó que aludira Tovar). Podémola descubrir en dialectos griegos en contacto co Ilirio. Hubert (1932 ed. 1988: 110) di que é coñecido polo *Etymologium Magnun* que ἵκκος, significa cabalo (ἵππος), provén do IE \*Ek̑os; e o mesmo Hubert sinala que o Xonio literario conserva a gutural cando o grego común a perdera: κοῖος en troques de ποῖος e sinala o feito de que os atenienses chamábanlle a festa das fabas Πυανόψια mentres que os samios dicían Κυανόψια (Hubert:110). A relación entre a deusa celta **Epona/Icona** e a Deusa Nai podemola establecela a través das *Tabletas de Pilos* onde a **Potnia** Deusa Nai aparece nos rexistros de arxila datados entre o 1400 e 1370 a.C. como **Potnia Hikweia**.

Por outro camiño asociámo-lo epíteto **Loimmina** co de **Iuno Lucina**, vella deusa da Luz e os meteoros e fecundidade asociada a **Iuppiter**. **Epona** e unha diviñidade bastante rara na Península (CIL II, 5788).

No mundo celta a múdo as raíñas asócianse ós cabalos como sucede coas *marcadamente equinas connotacións de Rhianon* (Mc Cone 1990:12) e isto mesmo vémosto en Gales, Irlanda e chega ata a India, revelando a dimensión indoeuropea dun rito que envolve a idea da penetración.

Dumezil amosounos como en Roma, a Regia Domo non era un pazo dos reis senón a aula do *Pontifex Maximus* e asociou este feito co ritual de *October Equus*, nos *idus* do primeiro mes de outono (1973:119,120).

A nosa deusa **Icona** presenta en Cabeço das Fraguas un epíteto **Loimmina** (\*oi/u), lumina, que a asimila a deusa da función soberana a **Iuno Lucina**. A deusa dos cabalos (como a *Potnia Hikweia* de Pilos ou a arcaica *Iuno Lucina*) se asocia no seu aspecto diante á soberanía e ós meteoros.



A soberanía represéntase no mundo celta polo grande matrimonio do deus co país, Terra ou Treba. Xerardo de Gales conta que era simbolizada pola unión sexual dunha egua branca (símbolo de pureza e perfección) co rei que logo se bañaba no caldo da súa sangue e comía a súa carne, e iso facíase no Ulster aínda no s. XII (Mattews 1989:55)<sup>36</sup>. Este rito emparentase co *Asvamedha* da India onde unha raíña se xunguía simbólicamente cun cabalo semental morto. Conchobar tiña catro esposas simbolizando as catro provincias de Irlanda e Mattews refírese este matrimonio á costume irlandesa do *dereito de pernada* do rei, simbolizado no disgusto do grande herói Cuchulainn que ó querer casar con Emer decátase de que o rei Conchobar vai exercelo seu privilexio. *O heroe enfádase tanto que os sabios o envían a cazar paxaros para que acougue. Cando volta leva diante a tódolos animais salvaxes de Irlanda.* (1989:55).

-Unha minucia comparada co dereito do Adiantado Maior do Reino de Galicia que podía ter barraganas, pero non mulleres lexítimas, en toda a terra do seu adiantamento e polo tempo que este durase, a fin de que *polo seu grande poder non poidan tomar por forza a muller algunha para casar con ela* (E.J.E. vol. IV-V. p. 167). Na prohibición de 23 de Maio de 1169 do rei Afonso VII o emperador *Mos pessimus involvit ut milites et satellites necnon et rustici contra statua canonum ac regum decreta ancillas religiosarum ducat concubinas, quarum occasione cautos irrumpere et possessiones eorum invadere non verentum nec est prohibeat eos...*<sup>37</sup>.

No sacrificio dunha egua a **Epona Lumina** ou **Iecona Loimmina** a *Treba* realiza unha hierogamia simbólica, a través dun sacrificio cáficio: o matrimonio do reino en paz e o seu príncipe e a divindade soberana arcaica **Iecona Loimmina** similar a **Cailleach**.

Unha diviñidade que debe ser virxe como o amosa o epíteto *loimmina/lumina/lucina* que o equipara a **Iuno Lucina**, virxe luminosa da chuvia e da fecundidade, da que o se culto pervive en Galicia asociado á **Virxe María** que ascendeu ós ceos baixo numerosos epítetos como o da **Virxe da O** ou a espectación do parto e a santa solsticial **Lucía** (*Santa Lucía amíngoa a noite e acrece o día*) cuio *Oenach* pervive na Terra de Trasnacos na feira (hoxe o 13 de Nadal, orixinaríamente o 21 ou 22) de gando que aínda se celebra na parroquia de Sedes (A. Pena 1991: 157-60); a iconografía a amosa cuns ollos nunha bandexa cando os seus hagiógrafos dínnos que morreu degolada.

Esta deusa gozaba de boa saúde a finais do S. IV e dela nos fala Paulo Orosio cando no *Commonitorium* lle conta a Santo Agostiño que Prisciliano ensinaba *que é unha virxe certa luz* (a deusa do aspecto claro), *a que Deus, querendo da-la chuvia ós homes amosa ó príncipe da humidade* (o Deus Soberano xorreante Elicius/Navios) *quen ó querer subir para collela canso sua e fai a chuvia, e o seren rexeitado por esta cas suas berregadas produce o trono*<sup>38</sup> e pervive hoxe en cancións infantís da Península, a castelan: *¡Que llueva! la virgen de la cueva* e a galega *Cando chove e mais fai sol...* (A. Pena. 1991:157-162). Sinaladamente na nosa Terra nos ritos propiciatorios de chuvia de setembro, onde en incontables santuarios cando hai seca tras levar polo monte á Virxe en procesión, unha rapaza que ten que ser virxe mergulla a imaxe ou a lava nun río ou unha fonte para provoca-la chuvia (isto vinno facer á **Virxe da Renda** en Combarro, Pontevedra).

<sup>36</sup>Mattews Caitlin. *La tradición celta*. P. ed. 1989 Dorset U. K. ed. Esp. Edafsa. 1992:54.

<sup>37</sup>Documento solto do A.H.N., carpeta Xuvia e outros mosteiros in Montero Díaz, el Monasterio de S. Martín de Juvia. Col Diplom. p. 98-127, prohibindo o concubinato das servas dos monxes de S. Martiño de Xuvia (Narón) e na institución das camareiras que perviven ata o s. XIX.

<sup>38</sup>C. Torres Rodríguez, *Paulo Orosio. Su vida y sus obras*. IPSEG, 1985:763.

♦♦ *Unha equa de alba coma*

Establecida a orientación e vocación da deusa Iconna Loimmina ou Epona Lumina, quedanos saber que animal se lle sacrifica para ver se podemos establecer se fertiliza a Terra a través do seu soberano. Lóxicamente isto só se pode facer cun équido, e con este animal debería relacionarse o "obscuro" sustantivo en acusativo de singular *comaiaim*.

Esta voz non é tan escura como amosa o folio 10 vto. do *Tumbo A* da catedral de Santiago que nos introduce abertamente nos rasgos apuntados da man do rei Ordoño, que dota á Igrexa Apostólica no ano 951 (5 de marzo) coa *villa de Borvene* perto do Miño, recibindo como reposición (un vestixio do *Tuarastal* céltico, cf. Fernández-Albalat 1990) *in offercione Kaballum cum alba coma*. Onde *comaiaim* se emparenta coa verba latina *coma* -a través do indoeuropeo sen que saiba como- que significa cabeleira, crin e mesmo raios, de luz (*cometes-ae*, cometa) e o verbo latino *como*, peitear, crechar, adornar, enfeitar (ingl. *comb*, alem. *kämmen*; *kamm*, pente).

Ben sei que cabelo pódeo ter calquera mamífero, mais a crin penteada, a enfeitada *comaiaim* que se sacrifica á luminosa deusa dos cabalos neste contexto non pode ser máis que unha fermosa (e rara) egua de *alba coma*, nada rara no repertorio dos sacrificadores do noroeste (Estrabón, 111,3,7) onde *sacrifican bodes cabalos e prisioneiros*.

Tendo aclarado o significado da terceira liña e ata a primeira interpunción da cuarta, no resto da inscrición aceptamos a transcripción de Tovar.

***Oilam usseam/Trebarune indi Taurom ifadem /// Reve Tre.. Unha ovella dun ano para Trebaruna e un touro/semental/// Para Reva Tre (baruna).***

♦♦ *Trebaruna*

Pasemos a analizar o significado de **Trebaruna**.

Tovar considera a **Trebopala** unha *deusa* local e a **Trebaruna** unha *deusa* mais *extendida*: *De todos modos, despues de la diosa Trebopala (puramente local, como parece), y una o quizá dos divinidades (-Laebo e Iconna Loimmina) con nombres indescifrables, las dos divinidades mencionadas en la última parte de la inscripción son bien conocidas, y en culto es mas extendido: Trebaruna es conocida en Lusitania, Reva en Lusitania e igualmente y hasta los confines septentrionales de la Callaecia Bracarensis. Esto habla en favor de la existencia entre los indoeuropeos hispánicos de divinidades femeninas de verdadero relieve mítico (1985:243)*. Este relevo mítico é o que imos desentrañar. **Trebaruna** é outra probable categoría diviña de **Reva**, equivale a **Tutela** ou **Toutatis**; á **Mater** no aspecto protector do *Treba* (similar a *Iuppiter Status*).

TREBO PALA

TOUDO PALA

TREBA

TOUDO

TUTELA/TOUTATIS/TEUTATIS

TREBARUNA (relativa á *Treba*)

} Altar da Treba.

} Territorio Político, Terra, Civitas/Populus.

} Pater e Mater do Pobo/Estado<sup>39</sup>.

<sup>39</sup>A estreita relación entre TUTELA e a Deusa Nai ou soberana podese ver a través da inscrición do pórtico do templo de Vesuna, *a brillante*- Corssen.) deusa tutelar dos Petrocoros que foi construído polos *primani* (veterans da 1ª lexión) e adicado á saúde do emperador e tódala sua familia (Domus Augusta). Vesuna aparece nas galias con outros epítetos, Vesuna Puermunes (*Puprkes-uxor*) Revve Celtique un 3-4. 1876-78:309).

**Reve Tre(barune) = Reva, nai do Estado.** Existe moita materia sobre o papel desenvolvido pola realeza e moitos e grandes autores que se ocuparon dela tentando reconstruí-lo seu carácter encontrando paralelos na Escandinavia precristián (Byrne 1973:12) e o mundo Indoeuropeo en xeral (Binchy 1970: 3-8, Mc Cone 1990: 107,37;1987:110-1, 115:6,142-4), establecendo a estreita correlación entre a verba irlandesa *ri* e a unidade territorial básica onde a soberanía se exerce: o TUATH/TEUTA/TOUTO/TOUDO (\**Rek-s* e \**Tewta*, *Toutiorix-igis*, un epíteto de Apolo), que proban unha continuidade institucional dende un remoto pasado prehistórico. Mais conven sinalar, e iso xela o sangue, o descoñecemento ou desinterés xeneralizado de arqueólogos e historiadores galegos por ver que pasou con estes territorios ó longo da Idade Media e cales institucións permaneceron e xermolaron ó longo do tempo e cales non.

#### ♦♦ *Realeza Sagrada*

Pola nosa parte establecimos como punto de partida para estudar logo as *civitates/populi* do NW a estreita relación entre a verba *Treba* (casa con orixe na soberanía doméstica) e o Tuath ou \**Tewta* (pobo, Territorio político), amosando que son un mesmo obxecto institucional. O *altar do Treba*, categoría diviña, en nada se diferencia do *altar do Teuta*, e como *Teutates* atopa a súa correspondencia e parella diviña con *Trebaruna*. Abofé son istos bos alicerces para o que diremos despois.

A idea común que podemos entresacar de tódolos estudosos da soberanía céltica e indoeuropea, como se dixeramos unha especie de ecuación válida para todos, bule após dun reino vizoso *Treba/Touto* nos eidos da harmonía social e prosperidade da natureza en estreita sinerxia coa forma física, estado mental e conducta social do soberano (vixilado estreitamente polo verdadeiro rei na sombra: o cabeza do clero e gran sacerdote).

As tarefas do monarca á cabeza dos homes de armas encánanse a través das accións emanadas da omnipresente soberanía doméstica (compórtase como un pai) que constitúe o alicerce das sociedades clientelares ou cabaleirescas indoeuropeas. Consisten en presidi-la asemblea no **Oenach/Forum** do Territorio, xulgar, da-las leis, (este é un dos sentidos que da Isidoro á verba *Forum*) e dirixi-las tropas (xefe ou **corono**) como podemos ver en diferentes tempos e espazos, no mundo Hitita, entre os gregos de Esparta, na Grecia homérica ou Micénica, na Roma Arcaica e na Europa Altomedieval. (Cf. Mc Cone 1987:135.6;1990:108).

O concepto de James da función Sagrada da Realeza "*Sacral Kingship*" pódese observar na descripción que fai Livio do grande rei Ambigatus (T. Livio V, 34,2) onde se mistura coa súa conducta, a fortuna e a grande fertilidade do seu país que exporta enormes cantidades de excedente.

Isto mesmo, no aspecto negativo pódese ver en multitude de descripcións de reis nefandos e, por infiltración do mundo indoeuropeo (os filisteos gregos micénicos do Peloponeso), no *Primeiro Libro dos Reis* nas ameazas e poder máxico do xuíz e sacerdote Samuel (quen nomea rei a Saúl por unha unción privada, por unha ordalía en Mispá e a aclamación do pobo de Israel) ó rei Saul caso de que este se apartase do temor de Yahveh: *¿Non é hoxe a sega dos trigos? Vou a invocar a Yahveh e enviar Tronos e chuvia...* (I Samuel 12-17).

Son da opinión que esta idea de relación entre a fertilidade e Terra Pacífica, asociada á función soberana nos planos celeste e terrestre, está omnipresente no *piaculum* rexistrado en Cabeço das Fraguas.

Encol da **Trebaruna** de Cabeço das Fraguas, teño a convicción de que é un probable epíteto ou categoría diviña de **Reva** que podería confirmarse de estarmos seguros do problemático final da inscrición: Reve Tr(ebarune).

Se así fora estaríamos diante da Grande Nai céltica, unha e multiforme, xunto ás anteriores TREBOPALA/LAEBO/IOCCONA LOIMMINA/ TREBARUNA. Esta Nai celta sería a deusa **Reva** da que a Dr. Blanca G. Fernández-Albalat, malia descoñecer-lo significado de Trebopala e Trebaruna e a súa relación co Territorio político (*Treba*), captou perfectamente cunha fina intuición a súa estreita relación coa deusa irlandesa **Macha**:

*Dumezil ha analizado la Trifuncionalidad en las leyendas de Macha<sup>40</sup> que representan respectivamente a una vidente, a una guerrera y a una campesina madre (1990:317).*

A inscrición lusitana parece amosar isto *exactamente*.

**Reva** como deidade céltica é unha e multiforme -idea que ceceais poidamos comprender ó conservarmos residualmente en occidente unha tríada na Trindade cristián- á vez. Se a miña interpretación é correcta podémola ver no aspecto augural (vate, vidente) sobre o espazo físico do altar da *Treba* (como o sangue e corpo de cristo están no pan e o viño na eucaristía) como Trebopala, *Croio do Teuta* ou *Toudopala* que non ten por que ser exclusivamente un altar de pedra, unha rocha con pías sacrificiais e canles que conducen o sangue das vítimas (*hostiae*) porque tamén se pode destinar a este fin a vella cámara reaproveitada dun túmulo funerario (A. Pena 1991:29.31), unha mámoa do Neolítico Final chamada *lacus* nos diplomas.

O altar do Treba permite ó vate coñecer-los desginios da divindade a través do sacrificio da ovella.

A relación pódese establecer así:

TREBOPALA \_\_\_\_\_ OVATE \_\_\_\_\_ VIDENCIA.

A función guerreira non cadra nun sacrificio pacífico pero esta representada polo rei ou *princeps* da Terra que ó remate é a cabeza dos homes de armas do país (e xa establecemos a relación que existe entre este *princeps* e a fertilidade do país).

Na *equa de alba coma* sacrificada á **Luminosa Epona** (Iccona Loimmina), ten lugar a unión sagrada entre a soberanía representada pola Grande Raiña e multiforme Deusa Nai e a Terra Fertil.

¿E a **campesiña nai** da trifuncionalidade de Macha?

Non sei se en **Laebo** encontramos unha labrega, pero ceceais si unha nai. **Laebo** pode ser a **Leto** ou **Letona** céltica á que alude Diodoro Sículo ó situar o berce da Nai de Apolo na Gran Bretaña e *é por iso polo que os habitantes da dita illa adoran en especial a Apolo. Todos eles son, por así dicilo, sacerdotes do dito deus (Mattews 1989 ed. 1992:38).*

**Laebo** sería a nai do Maonos (o Novo), galo, o Mac Oc (fillo novo) irlandés, en Gales chámanlo Mabon ap Modron (Mabon fillo de Nai). O Apolo céltico que ten un aspecto médico -aparece como Bormanico nas inscricións termais- que o asocia ós druídas e á primeira función.

*O brillo, o resplandor e a brancura do deus galo, por outro lado, fan a miúdo pensar en Lug, ó que se chama ás veces Grianainech, o da faciana de sol (François Le Roux. 1984:132)<sup>41</sup>.*

Se **Laebo** se corresponde coa **Leto** Celta á que alude Diodoro, estamos diante doutra Nai, a Nai de Mabón, "fillo de Nai", Xuíz inocente e, como sinala Mattews, posible vítima dun sacrificio para garantir que a Terra dea froito; a súa relación coa figura de

<sup>40</sup>Dumezil, D. *El trio de las Macha* en Hito y Epopeya. La ideología de las tres funciones en las epopeyas de los pueblos indoeuropeos. Barna 1977- París 1968:574-92. En: B. Albalat 1990: 317.

<sup>41</sup>*Las Religiones Antiguas*. Vol III. Historia des Religions 3. Encyclopédie de la Pléiade, 1970.

Cristo, ben que remota, facilitaría a *interpretatio* celta do cristianismo no que teñen especial significado as nais adoptivas de Cristo, Santa Brixida e Santa Ita (1992-43).

A relación entre o Mercurio celta (Lug), protector dos pobos, e Mabón, pon a este deus en contacto con Reva como observou B.G. Fernández-Albalat (1990:131), e o que é mais importante establece a relación entre Laebo e Reva, amosando que en toda a inscrición non estamos máis que vendo aspectos desta única divindade da soberanía e o seu puro sabor celta. Reva tería así vocación labrega, similar a Maia, filla de Atlas e nai de Mercurio.

A nai de Mac Oc (fillo novo) chámase Boand (vaca branca) e concibe ó seu fillo e ó do Dagda (Deus Supremo) fóra do tempo para que non se decate o seu marido Elmar (paralelo teolóxico con Deus, María, S. Xosé e Xesús).

O *indi porcom Laebo* ¿sería o sacrificio dun porco a **Reva** baixo a forma da "Nai do deus fillo" que se inmolou para garantir a fertilidade do país?

Por último creo posible que **Reva** revele o seu carácter de **Grande Deusa Nai** a través da aña (*oilam usseam*) sacrificada a **Trebaruna** e do touro semental que recibe -se a *lectio-interpretatio* é correcta- como probable **Reva Trebaruna**.

Como observa B. G. Fernández Albalat:

*Esta trifuncionalidade en relación a tres personas con el mismo nombre, (-ou tres nomes distintos para unha soia persona: Reva Trebaruna a grande Nai que tutela o estado-) que no son más que la triplicación intensiva de la religión céltica, se reencuentra en la triple Brigit o en la triple Morrigan, y de unha forma concreta en los relieves de las Matres galorromanas, generalmente mal interpretadas como diosas de la fecundidad y, en cuyas representaciones sentadas en un banco suelen ir acompañadas de la figura de un guerrero, situado en uno de los flancos del asiento. De cualquier manera que presentan son la representación de la soberanía que trasciende a las tres funciones puesto que la engloba (1990:317).*

Os drúidas e/ou clero especializado, xerarquizado e colexiado do NW non nos deixaron directamente os seus nomes nos epígrafes, ou non somos quen de os recoñecer; tampouco nos falan directamente deles as fontes. Máis si os vemos claros e tanxibles en importantes e numerosas pezas de bronce (Lám. III) que testemuñan a súa presenza.

Conservamos os coitelos, mellor dito os mangos de bronce dos coitelos sacrificiais que aluden simbolicamente a elementos do sacrificio.

As serpes relacionadas co báculo, *lituus* ou *craeb sidamail* (ou bastón que acompaña a dignidade sacerdotal dende a noite dos tempos) aparecen enmarcando un touro nunha destas empuñaduras de coitelo sacrificial procedente de Palencia que se encontra no M.A.N. O touro aparece como protomos doutros enmangues do mesmo museo.

O máis significativo de todos eles é a empuñadura de bronce do museo arqueolóxico da Coruña, do que ata agora era descoñecida a súa función, que cobra pleno sentido no contexto sacrificial do NW. e representa nada menos que o remate dun bastón sacerdotal, precedente dos báculos medievais en Tau. Nesta empuñadura está representada a *Mater* ou Deusa Nai con vestiduras sacerdotais e capucha? entre dúas serpes no que constitúe un precedente do báculo medieval deste tipo representado polo de S. Paio (1065-1085) do Museo Catedralicio Diocesano de León.

Con todo, os elementos que non ofrecen dúbidas para confirmar o carácter da clase sacerdotal e a súa relación inequívoca coa función soberana, encóntranse nos bronzes (Lám. IV) e carros de carácter sacrificial procedentes do NW.

Nun fermoso traballo Mario Cardozo en 1946 describe un carro aparecido en 1920 en Monte de Costa-Figueira, da parroquia de Vilela, Concello de Paredes do Douro, hoxe no Museo de Guimaraes<sup>42</sup>:

*Los bueyes del carrito de bronce presentan unas astas que, a pesar de estar mutiladas en parte, dejan adivinar la gran longitud que tenían como las astas características de la raza bovina predominante en la región norteña del país, que es la llamada raza barrosa....*

*... Hay, como dijimos sobre el carro catorce figuras, regular y simétricamente distribuidas en dos filas de siete, dispuestas por parejas en traviesas perpendiculares al cuerpo de la serpiente que constituye el lecho del carro. Las dos figuras que, asegurando a la cabra o macho cabrío que va a ser inmolado (Estrabón III, 3,7), vemos con las manos apoyadas en los flancos de la víctima, son seguramente sacrificadores (fig.9). En sentido opuesto a la dirección de aquel animal se hallan dispuestas las doce restantes figuras. De estas, las dos que se encuentran inmediatas al cuadrúpedo, vueltas las espaldas a él, tienen las manos sobrepuestas a la altura del vientre y las piernas un poco dobladas (fig. 10a) siguen ocho en dos filas de a cuatro, formando otra agrupación característica. En una de estas filas están representados cuatro guerreros, que empuña cada uno, en la mano derecha, una espada larga y de hoja ancha, con la lámina apoyada en el hombro, y asegurando en la mano izquierda, con el brazo extendido, un escudo redondo (fig. 12). Visten el sayo corto...*


*... A la derecha de aquellas cuatro figuritas de guerreros están paralelamente dispuestas otras cuatro, desarmadas, con las manos cruzadas sobre el vientre (3) y conduciendo a la espalda una especie de saco o mochila (fig. 10.6) ceñida con correas que, pasando bajo las axilas y sobre los hombros, vienen a unirse al frente en la base del cuello y en la parte superior del pecho (fig. 10) ... Finalmente un poco más avanzados, se encuentran, al frente de este grupo, dos personajes con el brazo izquierdo encorvado sobre el pecho y el derecho extendido hacia adelante, como si cada uno hubiera empuñado su vara, con la que fuese tocando a los bueyes (fig. 8). Son perceptibles las cabezas de estas dos figuras, gorros de forma aguzada....*

Describe no mesmo artigo Cardoso dous bronzes sacrificiais, un portugués de Castelo-de-Moreira, en Celorico de Basto (no baixo Miño) e outro de procedencia galaica ou lusitana do Museo de Valencia de Don Juan (Madrid), observando que son moi parecidos.

O exemplar portugués representa unha escea de sacrificio sobre un astil consistente nunha trenza que remata nun prótomos de boi, e no extremo oposto nunhas molduras e o que se interpretou como unha man facendo a fíga. Sobre o astil dispóñense en procesión as vítimas dun sacrificio:

<sup>42</sup>(Carrito votivo de bronce del Museo de Guimaraes (Portugal). *Archivo español de Arqueología. Homenaje a Portugal T. XIX, 1946 pp 1, 28*). El carrito de bronce que constituye el objeto de este sencillo estudio tiene de largo 38,5 cm., estando su lecho formado por una barra estrecha y dispuesta en sentido longitudinal, representando groseramente una culebra o serpiente, extendida, de 20 mm. de anchura máxima, que se encuentra a la distancia de unos 42 cm. de la cabeza; ésta tiene la forma lanceolada, y mide 45 mm. de largo, presentando como único detalle la indicación de la boca. El carro se asienta en cuatro ruedas de 57 mm. de diámetro unidas a los respectivos ejes, que a su vez giran en los orificios practicados en los extremos de dos arcadas de 6 cm. de altura, fijas al cuerpo de la serpiente que constituye el lecho del pequeño vehículo. Dos yuntas de bueyes, cada una enganchada a la extremidad de este curioso dispositivo, una a la cabeza y otra a la cola de la culebra, muestran que el movimiento del carro se podía hacer en dos sentidos opuestos, obedeciendo posiblemente esta aparente anomalía a una intención de significado simbólico. Sobre el lecho, o sea sobre la culebra, vemos 14 figuritas humanas, simétricamente dispuestas por pares, fijas en las extremidades de unas pequeñas traviesas perpendiculares a los flancos del ofidio, y aun un cuadrúpedo, cabra o macho cabrío, éste asentado directamente sobre el dorso del reptil. Todas las figuras están dispuestas con el frente en el sentido de la cola de la serpiente, excepto la cabra o macho cabrío, que se encuentra vuelto hacia el lado opuesto, y aun los dos personajes que lo sujetan lateralmente".


PROCEDENTE DE PALENCIA, NO MAN



MUSEO ARQUEOLÓGICO  
PROVINCIAL DA CORUÑA



EMPUÑADURAS  
SACERDOTALES  
SACRIFICIALES



BACULO DE SAN PABLO - 1065-1085  
Madoiro de Cedro? 185 x 55 mm  
LEÓN. MUSEO CATEDRALICIO-DIOCESANO

Un carneiro ó que segue unha cabra, o que parece outro carneiro e un porco. *Ó lado encontrase o busto dun home, armado cunha machada levada ó lombo... persoeiro este que representa o sacrificador* (Cardozo:21) a estes elementos hai que engadir un torques do que só se conserva unha sección rematada en perilla e un pequeno caldeiro.

No exemplar portugués, no astil con prótomo de touro no que descansa un gran caldeiro, figuran tamén *un sacrificador armado de puñal, un carneiro dous xabaríns e un oso* (Cardoso, *ibid.*). A relación do torques coa soberanía e as divindades é ben coñecida no mundo celta, idea reforzada pola presenza do oso, alleo á procesión de vítimas. Entre outros bronce de carácter sacrificial atópanse dúas pezas adquiridas recentemente polo MAN no mercado de antigüidades de procedencia descoñecida, mais sen dúbida do NW. Un deles (3,5x 10x3 cm) ten unha sección semicircular rematada nos extremos cun prótomo de carneiro e outro de touro. Sobre o colo do touro aparece un caldeiro e no centro do astil represéntase un torques (que L. Monteagudo considera de tipo árbabo e o adscribe á Galicia), e unha machada sacrificial encaixada na súa abertura entre as perillas. O remate destes elementos ven demarcado por unhas fendeduras e consérvanse no extremo oposto as pegadas doutro motivo desaparecido.

O segundo bronce sacrificial, que cremos da mesma procedencia que o anterior, repite rasgos presentes na peza de Valencia de don Juan (3,5x8x2,5). Remátase nun extremo cun protomos de touro, mentres que o outro extremo está tallado. Sobre un astil cun trezado similar ó bronce de Celorico do Basto emerxe unha figura humán inclinada sobre un caldeiro, dúas figuras iguais cun remate redondeado e as cabezas dun porco, unha cabra e un carneiro.

O último bronce sacrificial, ó que aludiremos, procede de Cariño (A Coruña) e está no Museo Arqueolóxico da Coruña.

Consiste nunha machada, cun emgange liso, que no extremo proximal se remata cun prótomos de touro, sobre o que se dispón un anel soldado, existindo outro no extremo distal, que remata nunha moldura. Sobre o machado atópase un torques de perilla tipo árbabo no que a tipoloxía é propia da área xeográfica onde foi encontrado, e a cadanseu lado no tope do machado hai un anel.

O dito ata agora abonda para establecer sen posibilidade de erro a relación entre estes machados e o carro do Museo de Guimaraes coas inscricións de Cabeço das Fraguas e Lamas de Moledo, e para demostrar que estes sacrificios os facían membros especializados do clero. A relación do torques coa soberanía e as divindades é tan coñecido no mundo celta que non necesito demorarme en establecela, e mesmo sucede co oso, animal alleo ó repertorio de animais sacrificiais, pero que constitúe o emblema por excelencia da soberanía no mundo celta, contexto no que se encadra, pese a quen pese, Galicia.


*Cuando un galo se llama Matugenos o un irlandés Mathgamhain, hijo del oso ... no es porque ingenuamente se imagine descender de un oso... sino por que pretende relacionarse con el simbolismo real del oso... Los celtas no eran un pueblo primitivo y su religión estaba vinculada a una clase sacerdotal instruída y poderosa que mantenía bajo su control a una rica aristocracia guerrera.* (Le Roux, 1970: 137).

A presenza do oso e do torques -e engado a miña convicción da adscripción sacerdotal dos trezados (Exodo: 28,13;39,15) e das serpes que asocio dende a noite dos tempos ó báculo sacerdotal ou *craeb sidamail* (Números: 21,8,9)- no contexto sacrificial, manífestanos o poder e catadura desta clase sacerdotal dun xeito máis efectivo que a presenza dun nome nun epígrafe.

E da man destes bronce sacrificiais pasarei a transcribir -esta é a miña intención oculta- a inscrición de Lamas de Moledo (Castro D'Aire, Viseu).

A mellor inscrición rupestre conservada do NW peninsular foi tanscrita por Hernando Balmori (1935) e Antonio Tovar (1961).






A

A,B.- Bronces sacrificiais do MAN  
S. III d.C.?



B



C.- Machado sacrificial  
de Cariño.  
Museo arqueológico da Coruña

C



Fig. 9



D.- Bronce sacrificial  
Castelo do Moreira  
Celorico de Basto




Fig. 10



E.- Bronce sacrificial do Instituto de Valencia de D. Juan



Fig. 12

Esta e a *lectio* de Tovar comentada por Schmidt:

Rufinus et  
Tiro Scrip-  
serunt.  
Veaminicori  
doenti  
\*ancom  
lamaticom  
Crougeai Maca  
reaicoi Petranioi r-  
adom porgon Iovea(s)?  
caeilobrigoi

Rufinus and  
Tiro wrote  
it.  
The Veaminicori  
give  
the valley  
of the lamates  
to Crougea son of Maca-  
reas Petranius the  
... swine (was offered by)  
the caeilobrigoi.

*Comments on the translation: Porgon shows the lenited (voiced) form of porcom, wich is also directly attested... the translation of angon as valley is possible, although uncertain; lamaticom also seems ambiguos, as Hernando Balmon 1935,107 has already remarked: Lamaticom puede ser un adjetivo en \*iico-s del tipo de linguisticus o un adjetivo formado sobre el gentilicio \*lamates los habitantes de Lamá. By reading crouceai with instead of g (cf. also Hernando Balmori 1935, 109, we have another interpretation and also a different etymological explanation: If caeilobrigoi is a nom pl., the last sentence should rather be interpreted in an active sense, with iovea(s)/ ioveat as the verb (cf. also Tovar 1961,62; 1966/67, 252=1973, 200 f.) and radom \*porcom as a direct objet). However, Caeilobrigoi might also be identified as the name of a deity in the dat. st.- (Albertos firmat 1995-55)=(Schmidt, 1985:320,21).*

♦♦ *Un sacrificio imposible*

A pesares da autoridade do Dr. Schmidt e as persoas interpostas na súa longa cita, estamos de novo diante dunha escea de sacrificio, e os vales non se poden levar e sacrificar diante do altar.

Aínda que non fora máis que unha anécdota, é bon recordar que metátese é un meto-plasmo, que adoitan os lingüistas a cotío ensinar ós seus discípulos e consiste en alterar a orde das letras dun vocábulo. O problema xurde cando os sabios esquecen as leccións.

*ancom ..... acnom*

} *cordeiro añal.*

*angom ..... agnom*

O parente masculino daqueloutra *oilam usseam* de Cabeço das Fraguas.


Agora a inscrición cobra pleno sentido logo do prefacio latino:

*Rufinus et/Tiro scrip/serunt. Rufino e Tiro ó escribíron Veaminicori/doenti/angom(agnom)/ Lamaticom crougeai Maga/reaicoi Petranioi.*

*Os veaminicoros dan un año lamático [de Lamas de Moledo, de onde procede a inscrición] para o croio [altar de pedra] do pedrón Magareatico [en dativo de singular, que hoxe se chama Outeiro (de altarium, altar) -da Maga].*

♦♦ *Un Porco cebado*

*Radom/porgom Iovea/Caeilobrigoi.* A verba **radom** non tiña por que causar ningún problema ós lingüistas que soberan galego: é unha verba de uso común e tanta coincidencia amosa de novo que no NW, no Baixo Imperio, nunca se falou latín (outra cousa é



A

B

B



B

C

A.- Sacrificio humano realizado polo druida (á esquerda), presenciado por infantes e nobres cabaleiros coas súas insignias: unha pita e un xabarin [en Trasancos a Pita do monte foi o brasón parlante dos Pita da Veiga (tumba de Tareixa Pita de Neda), e o porco o animal dos Andrade] e acompañados da súa infantaría.

C.- Caldeiro de prata de Gundestrup (mobiliario druídico). No centro Teutates sulga ós guerreiros caídos.

B.- Cernunos ou Enus, divindade da cornamenta, similar ós relevos de cabezas con cornos posteriores

que o escribiran os cregos letrados) senón un *castrapo* que non impide recoñecer hoxe o sentido de textos que se afastan de nós 18 séculos.

E este aserto, que ó meu xuízo non debe alporizar a ningún, instálase despois da lectura de máis de mil diplomas latinos medievais e altomedievais, de Xuvia, Pedroso e Sobrado, onde se latinizan a propósito topónimos galegos que moitas veces aparecían nas mesmas cartas sen latinizar, que non cambiaron en mil anos ou cambiaron moi pouco, amosando aínda esas maravillosas claridades de liñas continuas que poucas veces se obscurecen cando os fillos adoitan no país herdar dos pais biolóxicos.

Radallo é o *sebo, graxa dura e sólida que se saca do carneiro, gando vacuno e outros animais* (Franco Grande 8ª ed. 1983. 722), equivale á voz castelán *redaño gordura pegada no intestino do porco e outros animais* A graxa é moi importante nos sacrificios ígneos.

Así describe o Levítico o papel da graxa nun sacrificio pacífico, é dicir, ofrecido por acción de grazias ou por algunha impetración (estes sacrificios son tomados do mundo indoeuropeo, dos Hititas)<sup>43</sup>.

*Se fora de gando menor a súa ofrenda en sacrificio pacífico a Yahveh, xa macho, xa femia, ofrecerá sen defecto. Se ofrece como ofrenda un cordeiro, o ofrecerá diante de Yahveh, apoiará a súa man sobre a cabeza da súa ofrenda e a degolará diante da Tenda de Reunión; logo os fillos de Aarón verterán o seu sangue sobre o Altar, ó redor del.*

*Ofrecerá da vítima pacífica como sacrificio ígneo a Yahveh a graxa de aquela, a cola enteira, que se quitara de xunto ó espiñazo, e a graxa que recubre o intestiño con todo o radallo que encima do intestiño existe, os dous riles coa graxa que hai sobre eles, próxima ós lombos, e o radallo que cobre o figado, o que se quitará cos riles. O sacerdote farao arder sobre o altar. É alimento de sacrificio ígneo para Yahveh (3,6,11)*

Creo que en base ó sobredito débese dar por válida a miña *lectio radom porcom* por *porco gordo* (ou *cebado*), é dicir, *radón*, verba da que procede radallo, e que este porco sería ofrecido a **Iovea Celiobrigo**.

A frase *Crougeai Maca/reaicoi petranioi* foi lida por Tovar: *Para Crougea fillo de Macareas Petranio* -e non deixa de chamar a atención que o Dr. Schmidt (1985:321) acepte por omisión esta lectura- que recibiría un suposto Val dos Lamates dos *Veaminicori*.

Mais creo que estamos diante dun texto sacrificial no que se ofrecen dúas vítimas, un año e un porco, a dúas divinidades que aparecen adxetivadas.

O año sacrificouse no altar (croio) da chamada *Maga-reaicoi petranioi*.

<sup>43</sup>Que non se entenda equivocadamente o feito de referiren unha cita dun libro semita a un contexto indoeuropeo. Semitas e indoeuropeos interforironse culturalmente dende a noite dos tempos sinaladamente coa irrupción no próximo Oriente en todas direccións de grupos de helenos, iranos, nesitas, kassitas, luvitas... etc. Movidos pola presión dos dorios en Grecia producíase emigracións as costas minorasiáticas ás que chegan tamén xentes do Danubio ou Ilirios, teucros, frigios, filisteos e dardanos, son os pobos do mar que acababan cos hititas. Sonnos coñecidos polos documentos históricos dos séculos XIV e XIII a.c. Cara o século XVI o país de Canaan estaba en poder dos hiksos que sucumbían nun proceso de debilitación interno ó que non foron alleos os nómadas semitas que vivían do saqueo e o xenocida Xosué pode ser un paradigma. "De hasta que punto estes grupos nómadas y seminómadas constituían una amenaza para las poblaciones sedentarias, nos da una idea la atención preferente que les dedican los archivos de Mari. Esta abundante documentación escrita permitió conocer relativamente bien estos nómadas, y posibilitó la comparación de su modo de vida e de sus desplazamientos con el clan de Abraham, llegándose a la conclusión de que el parentesco es tan estrecho que no cabe duda de que se trata del mismo fenómeno. Lo que sucede es que los archivos de Mari nos dan la versión de los sedentarios, mientras que el relato bíblico nos da la versión de los nómadas". (Josép. Padró. Egipto y los grandes imperios. Gran Historia Universal. C.I.L. Madrid. 1986: 97-98.

## ♦♦ O Pedrón da Macha

**Petranioi**, en dativo de singular é un aumentativo de *petra* -similar á verba latina *petro-onis*, duro como unha pedra- que existe hoxe en galego usándose para designar un poste de pedra ou unha pedrafita na voz **pedrón**.

**Maga-reaico** mal lle cadra a un *Macario* cando existe (Colmenero) en Lamas un lugar próximo á inscrición que se chama hoxe **Outeiro da Maga**. Esta Maga, segundo se desprende do contexto (vai cun **lovea** que recibe o porco) pode ter a súa correspondencia no horizonte céltico ó que pertence esta inscrición sacrificial na deusa celta **Macha**, que ten unha triple relación coa soberanía. Macha Melena Rubia filla do rei Aodh Ruad, que por certo tíñase que turnar cada sete anos -e esta parvada aparente é a clave para entender a xénese da temporalidade no sistema de herencia e transmisión da propiedade na liña supervivinte nos foros (préstamos de uso de tipo vasalático) galegos medievais, mais esta é outra danza- no trono do Ulster con Diothorba e Ciombart.

Á morte do seu pai Macha asumiu a soberanía do Ulster, reinou sete anos e cando lle reclamaron a soberanía os fillos de Diothorba, casou co outro pretendente, Ciombarth, e obrigounos a fuxir. Logo, convertida en Leprosa Fermosa, engaiolounos un a un e reduciunos á condición servil, obrigándolles a traballar nun novo castro que ela mesma deseñara, debuxandoo no chan coa súa fivela. **Macha** é pois filla de rei, raíña e esposa de rei, por nacemento, por conquista e por matrimonio. Un verdadeiro paradigma da realeza.

Eu creo ter indicios razoables de que a divindade destinatária do **año lamático** sacrificado no seu altar de Lamas de Moledo, **Maca**, corresponda con probabilidade a **Mac(h)a**, diviñidade estreitamente asociada á realeza, revelando no epígrafe esta natureza a través dunha forma adxectivada (dun tipo ben coñecido no NW, *Crougin-Toudadigoe*; *(Co?)soe-Meobrigoe*; *Bandue-Lansbrigae*) **Maca-Reaicoi**, coa terminación adxetivada masculina (en dativo de s.) **-reaico** (galo, *rigion*, irland, *rige*, got. *reiki*, finés *rikki* =reino, got. *reiks*, príncipe (un epíteto de Apolo na Galia *toutiorix-igis*), terminación que viría determinada pola concordancia co substantivo en dat. s. **Petranioi** (*petranio*, prob. **pedrón** pedrafita ou penedo figurativo).

Así pois, o año sacrificado no altar de pedra do **Pedrón Magaraiño** sería probablemente adicado a Mac(h)a/Reaico (=Coso *oenaeco*, Coso do Oenac(h), que preside a asemblea, Oenach/Forum), é dicir, a unha deusa da realeza.

A *lectio* do epígrafe segundo da nosa restitución sería **Veaminicori doenti acnom (ancom) Lamáticom crougeai Macareaicoi Petranioi...**

**Os Veaminicoros dan un año lamático para o altar Pedrón Magaraiño (=do pedrón da raíña Mac(h)a)...**

**radom porcom lovea Caelibrigoi** (=Co?)soe Meobrigoe; Bandue Lamsbrigae).

**...e un porco radón (mantido, gordo, con radallo) para lovea Celiobrigo** sendo ofrecidas ámbalas dúas vítimas, o *acnon* e o *radom porcom*, pola mesma comunidade sen que a inscrición plantexe así ningún problema e adquira coherencia institucional.

A simple idea de incluír un val (*ancon*) no *piaculum* sacrificial de resultados da lateralidade dunha lectura privada de contexto institucional -do carácter céltico da artellación social, político e relixiosa do NW- é unha impostura aberrante.

## B) O CASTRO/DOMO

Noutras publicacións (Pena 1991.;1992; 1.993: 1995:167-72) amosei como se artellaba a realidade institucional dun castro, como este era o eixo dun territorio demarcado de mediana dimensión (inferior en tamaño ás actuais parroquias) e que todo ese conxunto constituía no NW a *casa (domus)* dun señor (*dominus*) que extendía a súa soberanía

doméstica, dominio ou xurisdición, non só ó territorio económico acoutado por marcos de pedra (*termini*) -como o que aparece na marxe dun río en Vilar de Perdices *Ter(minus) ripau Puac*, sinalando á beira do mesmo que pertencía ós Puac(os?) en Montealegre, Portugal-, comprensivo de terras de laboura, prados, montes, augas correntes, e bosques, senón tamén, do recinto fortificado, ben defendido por foxos e terraplenos, única forma de hábitat coñecida pola arqueoloxía no TP á chegada dos románs, que comprendía non só casas e instalacións intramuros, senón tamén ós seus habitantes: *domestici* e gando maior e menor.

Neste tipo de sistema de soberanía doméstica, o castro correspóndese cunha casa, *domus* dun señor: un cabaleiro cos seus parentes e clientes, labregos e servos. E este cabaleiro neste mesmo sistema é a súa vez cliente ou vasalo do príncipe do TP.

Na Terra de Trasancos constatamos máis de medio centenar de Castros repartidos nos actuais municipios de Narón, Ferrol, Valdoviño, Neda e San Sadurniño que configurarían dentro do TP un macroterritorio segmentado autárquico.

#### ♦ *Unha letra fatal*

Os **castella** adoitan aparecer frecuentemente no rexistro epigráfico de certo mobiliario arqueolóxico a continuación dunha letra C en posición envorcada "o", que adoitaba interpretarse como centuria (Tovar) ata que M. L. Albertos (1975:65) propuxo a *lectio castrum/castellum* para esta letra cunha xeral aceptación. De significar isto a letra envorcada, non tería excesiva importancia por vir tras dela de novo o castelo na forma dun topónimo en ablativo sen preposición, que en latín, referido a lugares de pouca importancia, ten a función dun locativo.

A letra adoita instalarse entre o TP e o castro.	
TP	CASTRO
<i>Susarrus</i>	o <i>Aiobaiciaeco</i> .
<i>Limicus</i>	o <i>Arcuce</i>
<i>Cilenus</i>	o <i>Berisamo</i>
<i>Principis Albionum</i>	o <i>Blaniobrensi</i>
<i>Celtica Supertamarica</i>	o <i>Iureobriga</i> .

En ocasións suplantando ó signo envorcado aparece a verba *castellum*

***Ladronu(s) Dovai bra(ca)rus Castel(l)o Durbede***<sup>44</sup>, outras veces suplantado pola verba *domo*, arquetipo de ablativo con función locativo na gramática latina:

***Clotius Clutami (f) susarru(s) domo Curunniace*** (CIL.III 2016); ***domo Lucodadiacus*** (CIL III 4227)<sup>45</sup>.

<sup>44</sup>Conimbriga 23 (1984) 43-54 in J. Untermann, Actas do enc. cientif. en homenaxe a F. Bouza Brey, 1993:376

<sup>45</sup>Nunha inscrición aparecida en Hungría (Gyalokue) con antropónimos e trebónimos ou nomes de TP. *Abilius Turanci f.; Bobegius Veninif Lancie(n)sis, Pentius Dou(i)deri f. Aligantienses* (Untermann 1993:376)

Sabemos por Untermann que algúns "trebónimos" ou "etnónimos" derivan de antropónimos, ¿un fundador epónimo? Isto sucede con *Bobegius*, o estaren este trebónimo testemuñado como arciprestado e TP na Bula de Pascual II de 21 de abril de 1110 pola que o papaconfirma a posesión dunha serie de antigos Trebas-agera (s. XII) nomeados *Terrae/Territoria* e arciprestados, -á Igrexa compostelán, apoiando a Xelmírez no longo pleito dos arciprestados co Conde de Galicia D. Pedro Froilaz e o seu irmao o bispo *Vallibriense* Munio (Pena 1992:97:100).

... *ad perpetuam scae. compost. Ecclesiae pacem ac stabilitatem sancimus ut universa quae ad eiusdem bti Iacobi Apostoli Ecclesiam, in qua nimirum eius corpus requiescere creditur, proprietario iure intra vestram relatione didicimus, quieta omnino et integra vobis vestrisque successoribus in perpetuum conserventur, videlicet Terra de Superato (Ptol 2,6,35), Dormiana, Babegium (CIL III 4227) Coronatum, Mercia, archipresbyteratus sci Pelagii de Circitello, Mons Sacer, Tabeiros, Terra Montium usque ad Avium Morracium, Salsniense (Ptol 2,6,34), Terra e Termarum (sive potius -cron, Iriens.. Celenes (Ptol 2,6,42; Plin. 4 III. CIL II 2649)); Terra Arcubus, Iriense.Pistomarcus (Plin. 4 III; Mela 3, II), Amaheae et alii Montes (Ptol 2,6,36 ), Prucios, Lavacengos (Lapatia(n)co(r)um (Ptol. 2,6,4) Arros (Plin. 4 III) Nemitos (Ptol. 2,6,41);*

Nunha ocasión aparece en ablativo a verba *domo*, un termo da soberanía doméstica seguida dun xenitivo de posesor tra-lo signo  $\sigma$ .

*domo Vacoieci*.

Esta *casa de Vacoieco* (como a Casa dos Tenreiro no Trasancos medieval) non era outra cousa máis que un castro da *Treba* dos *lanciates*, no que o *possesor* se chamaba Vacoeco cunha etimoloxía alusiva á posesión de vacas.

Nos epígrafes funerarios o origo ou linaxe da oligarquía pódese expresar da seguinte forma:

Nome propio + patronímico (apelido) + nome da *Treba* + residencia ou domiciliación + datos referentes á idade + situación da tumba + tipo de propiedade da mesma.

<i>Popillius Hirsutus</i>	<i>Flavi Vendieci f (ilius)</i>	<i>Lanci(ates ou-ensis)</i>
Nome	Patronímico	TP
<i>domo vacoeci</i>	<i>an(norum)XXXII</i>	<i>H(ic) S(itus) E(st)</i>
Domiciliación	Idade do difunto	Situación da tumba.

Outras veces indícase só a domiciliación sen mencioa-la *Treba* ou a *Treba* sen mencioa-la domiciliación.

A *lectio Castellum*<sup>46</sup> da letra fatal -como lle chamou Untermann- que na secuencia epigráfica vira as costas ostensiblemente ó topónimo en ablativo que adoita seguirle (suxeito e obxecto da cláusula), malia ser aceptada pola maioría dos autores, mantén aínda boa parte da súa transitividade indemne (dende que fora lida por Tovar como Centuria) e esta capacidade que ten o signo de provocar distintas percepcións (*censum* por J. C. Bermejo) manifesta disidencias serodias na suxerente lectura *cognatio* de A. Rodríguez Colmenero.

Coa coordenada  $\sigma = \text{Castellum}$  a cuestión da comprensión do discurso epigráfico da letra envorcada parece resolta; non así un problema orwelliano (¿por qué comprendemos tan pouco a pesares da evidencia que temos?) baseado na existencia de crenzas firmemente mantidas e aceptadas a pesar de careceren de alicerces (a mención das *castella* semella innecesaria por ir explícita nun topónimo en ablativo).

Calquera teoría da lingoaxe establece a relación entre usos e usuarios e que o discurso se organiza por unha ideoloxía específica que pode ser lida dos elementos lingüísticos do texto. Se suplantamos por *castellum* a cláusula "**et s.  $\sigma$** " na inscrición de Chaves: *Camallus/Burni/f/hic situs /est annor. / III et s.  $\sigma$  Tarbi frater facie/ndu curavit* (CIL II 2484)<sup>47</sup> ¿Qué significa?

Se este signo  $\sigma$  -que en ocasións aparece na cláusula precedido pola preposición (de contexto referencial) *ex* e que podería ser seguida dunha verba expresiva dunha categoría social- é o mesmo castro (concebido institucionalmente como *domo*, casa dun *dominus* cos seus *domestici* ben instalados en cadansúa cabana, e o seu *dominium* ben demarcado) a súa proliferación ou desaparición nos rexistros non responde a situacións novas nin incide na articulación institucional do TP e macroterritorio económico demarcado autárquico (sucesión de castros que nel se inscribe) senón que se debe a cambios de

*Bisancos, Terra de Faro, Coporos* (Plin. 4, III, CIL II 5250, Ptol. 2,6,24); *Celticos* (Plin. 4,III), *Brecontinos* (Pto. 2, 6,30), in *Montanis duos archipresbiteratus, Dubria, Barcala, Salagia, Gentines, et cetera usque ad Oceanum*, e máis adiante ... *castelum scae Mariae de Lanciata* (Pot. 2,6,29; plin. 3,28) cf. *H<sup>o</sup> comp. T. I. Cap. XXXVI*.

<sup>46</sup>M.L. Albertos. "Perduraciones indígenas en la Galicia Romana: los Castros las divinidades y la organización gentilicias en la epigrafía". En: Actas del coloquio internacional sobre el Bimilenario de Lugo 1977:17 ss.

<sup>47</sup>CIL II 2484 *Viriatís I* (1957) p. 105. foto. Pastoriza. Chaves En: Pereira Menaut, G. "Los Castella y las comunidades de Gallaecia". *Zephyrus* (XXXIV) 1982:275.

gostos das oligarquías na expresión da súa linaxe (filiación e *origo*), pois obviamos dicir que estes epígrafes non foron encargados precisamente ós lapicidas polos labregos.

É significativa, ó meu xuízo, a prematura interpretación de G. Pereira Menaut e Santos Yanguas (1979) de esta letra: *La entidad organizativa referida por las  $\mathfrak{O}$  parece más bien una forma de control administrativo romano y nunca una forma de organización social indígena.*

E a cuestión de como este feito se integra no discurso ideolóxico do historiador e é articulado nun discurso específico -sen excluír os propios acontecementos que dan pé a unha interpretación- e pode ser estudada mediante a teoría lingüística que permita establecer formalmente se a ideoloxía que se transmite está no material da fonte ou é unha manipulación, respóndase na propia rectificación (1982) de G. Pereira Menaut ó aserto anterior:

*La desaparición de los castella en la expresión del origo personal y la utilización de las civitates que tienen lugar a continuación supone un cambio en la organización de las comunidades indígenas. La instancia organizativa básica, la comunidad que da el origo a las personas ya no son los castella sino las civitates.*

E, noutro lugar di o profesor:

*si lo anteriormente expuesto sobre la reorganización de las civitates y de los núcleos de población es aceptable, parece que también en Gallaecia el ius latii significó una reestructuración de las civitates indígenas, el abandono de sus formas ancestrales para organizarse al modo romano, recibiendo con ello, naturalmente, la autonomía administrativa, la städtische Autonomie para decirlo con la exacta expresión alemana (Pereira Menaut 1982:264).*

O T.P. foi sempre antes da conquista (TREBA/TOUDO) e ata o século XII (Terra/Territorium) o punto de referencia básico dos galegos e os habitantes do NW peninsular, e resulta inaceptable falar dunha reorganización de que tanto gostan anticuarios e medievalistas, promovida dende fóra do sistema político territorial galego, nin co Imperio, nin co *regnum suevorum* ni coa monarquía astur.

### III.- ARTICULACIÓN INSTITUCIONAL DO TP

A *Treba* constitúe, como se ben dicindo, un espazo político demarcado por fitos terminais (*TERM. TREB. OBIL*) que o separan dos territorios políticos *adfines*. Componse no NW dunha sucesión de castros, cada un cun territorio económico demarcado (por fitos como os de Vilar de Pérdices), comprensivo de pastos, terras de cultivo, bosques e cursos de agua, do mesmo modo que unha *Villa* medieval (A. Pena 1992) que configuran tanto un espazo canto a xurisdicción dunha *casa* noble (= *fine* irlandesa). Se me toleran a violencia da transposición, é algo similar ós nosos pazos dos séculos XVI-XVIII. *Casas* clientes (de *\*clino*, inclinarse diante de) ou vasalas (*gwassaul* = servidor, *wassalus*, o que serve) do príncipe do TP -*Treba/toudo, civitas/populus/respublica, Terra/Territorium*- e xefe de tropas, *corono/imperante* (Pena 1992:24-45, 130-63, 171-92, 278-314; 1993:41-59).

Este sistema de artellación en Territorios Políticos comprensivo de Castros era común tamén a gran parte da Península Ibérica, e Blázquez repara en que Catón recibiu no ano 195 A.C. tres legados dos ilergetes entre os que estaba o fillo do rei Bilistages reclamándolle 3.000 homes para que os seus *castella* poideran aguanta-lo asedio ó que estaban sometidos, *Venerunt quaerentes castella sua opugnari nec spem ullan esse resistendi* (*Liv. XXXIV, 11*), sinalando Livio a caída de sete *castella* da *civitas* dos



bergistanos e como ese ano os romanos saquearon os *castella* dos turdetanos (Liv. XXXIV)<sup>48</sup>

Castros (*castella*) ou *casas (domi)* encadradas na soberanía doméstica (*dominus*) en grupos familiares, son verdadeiros clans (Pena 1991:116-19) ligados verticalmente, xa sexa por parentesco ou xa por dependencia vasalática (mediante relación de clientela), co *princeps* do T.P. como sucede en todo o mundo céltico.

O clan céltico en nada se diferencia da *gens* meseteña (Pena:1992:116-18) e isto pon en relación ó NW coa extensa área das *gentes*. A *gens* celta na extensa maraña de relación de dependencia abrangue a toda a poboación vasala do *princeps* do TP, é dicir a toda a poboación dunha *Treba (gentilitates)*, dende o Cantábrico ó Teixo.

Similares á *fine*, estas casas nobres constituían unha clientela de sangue *cenel* e a cabaleiría do *Princeps/Corono*.

Os *Príncipes* da Terra están dobremente testemuñados na epigraña galega. Na inscrición de Pedreira (Vegadeo) aparece *Nicer/Clutosi* ♂ *Cari/aca/princi/pis Al/bionu/m an / LXXV/ hic s(itus) est*.

*Aqui xace Nicer Clutosi do castelo Cariaca, Príncipe dos Albions, de 75 anos*<sup>49</sup>, e entre os Copori ,outro *princeps*, de nome mutilado, fillo de Veroblio<sup>50</sup>

Como sucede cos castros, tampouco os príncipes territoriais constitúen unha rareza no NW, sendo similares os celtibéricos.

Rematada a guerra púnica *cunha fina intuición Escipión liberou ós reféns hispanos, -proba de que a devotio garantíase as veces coa entrega de familiares dos nobres- vendendo como escravos ós africanos. Entre estes nobres reféns encontraríanse a muller e mailas fillas de Mandonio, irmao de Indibil, e a prometida de Allaucio. Os historiografos romanos: Dion Casio, Polibio, Frontino, Livio e Apiano demoranse para salientarlle a sorpresa de Allaucio cando Escipión non aceptou o rescate que se lle ofrecera pola súa prometida e o agradecemento deste o comprobar (Allaucio) que lla devolvera virxe.*

*A conducta de Escipión, mostra do alcance da súa visión política, obtivo o inmediato resultado dunha concurrencia masiva de príncipes hispanos con agasallos: Indibil e Mandonio (norte do Ebro), Edecón, rei dos Edetanos (Valencia e Sagunto) etc. Estes e outros nobres de diversos pobos fixeron con él un foedus polo que prestarían asistencia militar a cambio de diñeiro (Pena 1991:131).*

Podemos afirmar que o príncipe Territorial da *Gallaecia Nicer Clutosi* príncipe dos Albiones ou o fillo de Veroblio, pouco ou nada se diferenciaría dun príncipe territorial (*ri-tuath*) de Irlanda ou das Illas Británicas. *Un rei británico dos Atrebatas Cogidubnus, do que o pazo de Fishbourne, preto de Chichester asombrou ós arqueólogos dos anos 60, era rex e legatus Augusti. Os romanos mantivéronno no seu posto porque a súa traición permitiulles contar cunha base de confianza para somete-lo W de Inglaterra. Mais ós outros Británicos<sup>51</sup> os romanos quitáronlles a soberanía que pasa ó representante do pobo romano, xa non son reges mais manténselle a súa preeminencia (príncipes) nos seus territorios, única forma de que Roma poidese ter un cómodo control sobre eles (Pena 1991:129).*

Parte destes TP hostiles a Roma foron cecaís atribuídos a Cogidubnus polos romanos (*Atrebatas* é unha verba equivalente á latina *atributi*). ¿Ó contar cun home de confianza atribuíronlle *Trebas* ou tribus veciñas para garanti-la súa fidelidade? ¿Viña de antes esta atribución? Como fora os atribuídos a Cogidubnus, rei dos *\*Atrebatas*, serían en

<sup>48</sup>Blázquez, J. M<sup>o</sup>. *Nuevos estudios sobre la Romanización*, Ed. Itsmo Madrid. 1989:125.

<sup>49</sup>García Bellido, A. *Los Albiones del NO de España y una estela hallada en el occidente de Asturias*. Emerita 11, 1943:418 ss.

<sup>50</sup>I.R. Lugo 34 [...] *ius veroblii f. Prince(ps) Cit. Circine...* Lugo. Em XI, 123.

<sup>51</sup>Tacito. *Agricola* XII, 1.

virtude dun vínculo persoal que quedaría disolto á súa morte (coa. ó 80 d.C.) desgaxándose dos Atrebates os Belgae e os Regnenses<sup>52</sup>.

Se **at/tribuere** consiste en atribuir (xuntar tribus), dar *Trebas* ou TP por parte do conquistador ós clientes de confianza, outra verba, **con/tribuere** en **Con/trebia** e probablemente **can/tref** (que a etimoloxía fai derivar de "cen" e "tref") e o seu homónimo latino *contributus* indica outro tipo de dependencia dentro da dinámica interna das comunidades á procura de protección e orde (por seguridade, presión do máis forte ou mesmo concentración patrimonial dos príncipes que casaban con adfines tra-lo aporte dunha cuantiosa dote).

As tribus Ibéricas logo da noticia da victoria naval diante de Marsella de Decimo Bruto achegáronse a César masivamente. *Interim oscenses et calagurritani, qui erant cum Oscensibus Contributi, mittunt ad eum (Cesar) legatos seseque imperata facturos pollicentur* (Cesar *bel. civil.* LX).

Os máis madrugadores, os Calagurritani (Loarre ó N de Huesca) estaban vinculados como **contributi** (= *Contrebia* = *cantref*) cos oscenses (habitantes de Osca, hoxe Huesca) e este vínculo facíase solemnemente no seo das feiras ou asembleas que coñecemos no NW co nome de *Oenac(h)/Forum*, sacrificándose cecais cabalos, como sucede cos cántabros (Horacio. *Carm.* 3,4, 34; Sílio Itálico, 3,361), e non excluíndose, xunto ó sacrificio de cabalos, os sacrificios humanos, como o testemuñado en Bletisama, Ledesma (Livio, *per.* 48)<sup>53</sup> e o sacrificio de porcos, forma que adoita a *tessera hospitalis* do ano 14 de Herrera del Pisuerga<sup>54</sup>.

Xunto á expresiva forma do porco sacrificial, atopamos a miúdo nos *hospitia* C.I. o apertón de mans tan expresivo da clientela, vinculación, dependencia, vasalaxe, e do *estar en boas mans* que pervivirá na plástica institucional feudal medieval. Por estes pactos de hospitalidade os sometidos, *in fidem acceptos* pasaban a integrar a familia do *patronus*, supoñendo unha especie de adopción como homes libres (*liberi*= fillos lexítimos que equivale ós *etera* etruscos ou os *ambacti* celtas).

O horizonte Indoeuropeo desta institución é moi remoto. No mundo Mitannio o príncipe Silwa-Tessub, grande terratenente, fixo a súa fortuna acaparando terras mediante adopcións simuladas (Córdoba 1998:113), reducindo a servidume os así encomendados sendo esta unha das causas da caída de Mitanni<sup>55</sup>.

En occidente coñecemos esta institución nun mutilado pasaxe de Festo<sup>56</sup> que sinalaba que os *patroni* distribuían entre a clientela máis pobre e limitada en recursos (*tenuioribus*) parcelas en precario (*precarium*) para que as traballaran, nun horizonte semellante ó descrito por Tácito (Germ. 25,1) para os xermanos e ben coñecido en culturas célticas de base territorial e que nós por fortuna temos ben testemuñadas no rexistro epigráfico (Pena. 1992:133).

Mais esta interdependencia de patróns e clientes ten uns límites temporais no mundo céltico. Os impostos pola familia lexítima redúcense a tres voces (da *derbfine* céltica), non ultrapasando alén do avó nin colateralmente ós primos segundos-sexto grao (Pena: 1992:293-94), como amosan P. de Francisci<sup>57</sup>, a epígrafa galega (*Camalus Ulpini f.*

<sup>52</sup>CIL VII 11 = RIB 91.


<sup>53</sup>In de Hoz, Javier. *La religión de los pueblos prerromanos de Lusitania*. Primeras jornadas sobre manifestaciones religiosas en la Lusitania. Cáceres 1986 31-49, p. 48

<sup>54</sup>García y Bellido, A. *Tessera hospitalis del año de la era hallada en Herrera del Pisuerga*. En: BRAH 69, 1966:149 ss.

<sup>55</sup>Córdoba Zoilo, Joaquín. *Historias del viejo Mundo. Los primeros Estados Indoeuropeos*, 1988. Hª 16.

<sup>56</sup>288L. Moí revelador si o poñemos en sinerxia co estudo de Fustel de Coulanges (1891) do *Beneficio e patronato na orixe do sistema Feudal* e o *Ager publicus* de L. Zancán.

<sup>57</sup>*Primordia Civitatis*. Roma 1959, p. 140 e ss.



*Celtius f.*) e os nosos foros, fósiles institucionais que toman o nome da asemblea estacional *Oenach/Forum* onde nacen e perviven en Galicia ata o S. XX (Pena 1992:281-314).

Unha mesma melodía *sibi, uxori, liberis posterisque suis eumque uxorem liberoque eius*, repetida constantemente ata chegar ó extase por ámbalas dúas partes, patron e cliente (implicados no considerable repertorio de contratos sinalagmático baseados na bona fides presente nun mobiliario arqueolóxico institucional que se incrementa a ritmo vertixinoso coa proliferación de furtivos con detectores de metais) e a anterior secuencia da *tessera hospitalis* do Courel (Montecido, Museo de Lugo) do ano 28 na que os *lougueios* aceptan *in fidem clientelamque* a Tilego fillo de Ambato, repetirase dez anos antes cando esta *civitas* dos Lougueios toma como patrono a Asinio Galo *liberis posterioque suis* na *tabula hospitalis* do Museo de S. Antón (A Coruña).

A caducidade destas voces apréciase no *hospitium* de *Asturica Augusta* do ano 152 que amplia a outras *gentes* e renova un pacto de hospitalidade das *gentilitates* dos desoncos e tridiavos da *gens* dos zoelas do ano 27 por mor de transcurriren as voces e este é, e non outro, o sentido do *hospitium* de Castromao do 132 d. C. en que os coelernos renovan un vínculo caducado (neste caso co sarxento de guardia do campamento que teñen mais a mán) co prefecto da cohorte I dos celtiberos C. Antonio Aquilo como representante en remota instancia do emperador.

#### ♦ O Foro

Noutro lugar e tempo (1991: 141-43; 1992:292-314) amosei a común orixe institucional do *hospitium* e o foro galego, contratos sinalagmáticos baseados na boa fe, de orixe céltico e como ían ben discriminadas as cláusulas nestes contratos. Isto permitía exercer a ámbalas dúas partes, A e B, implicadas *actiones noxales* en caso de incumplimento dalgunha delas.

As obrigas de A (*patronus/locator*) pódense resumir nos seguintes compromisos.  
Cede-lo ben ou cousa, que pode ser previamente cedida por B (por derrota militar, presión ou voluntariamente) a A.

Percibi-lo cánon establecido.

Traza-la relación de clientela mediante a recepción dunha comida na casa de B ou recibir deste o pago duns animais en certas datas.

A recepción da cousa cedida ó remata-las tres *voces*.

A renovación do contrato na mesma linaxe.

As obrigas de B (Cliente/*conductor*) son:

Coidar, mellorar e non cometer *aussum* coa cousa cedida en préstamo de uso vasalático.

Paga-lo canón estipulado.

Dar de comer ó señor e ó seu séquito e determinados animais en certa data.

Ser familiar amigo e vasalo de A<sup>58</sup>.

Ir armado a defendelo (acodir ó seu chamamento) e ser axudador (*auxilium*).

Remato sinalando que este sistema institucional de obrigas mutuas é aplicado de abaixo arriba no TP. Regula a relación entre o *servus* e o *patronus*, entre o home libre e o *dominus* dun castro ou unha *villa*, entre os *domini* e o *princeps* do TP, e entre este e o conquistador, sexa o Emperador (e os seus representantes) de Roma, sexa o *Rex Suevorum*, sexa o Monarca Astur ou o Rei de Galicia.

Adoitan os señores nas sociedades cabaleirescas ou feudais recompensar con terras ós que saben servir, e sinaladamente os príncipes conceden verdadeiros feudos ós seus cabaleiros destacados.

Calquera territorio demarcado, sexa este unha simple leira ou un castro/*villa*, pódese formar dun tirón mediante este tipo de concesións e os territorios demarcados medran no TP ó compás do crecemento demográfico e das roturacións, non sendo extraño que se formen castros por este sistema no s.I. no II, ou III, d.C., como se formaron *villae* no século IV e se seguían a formar *Villas que meo dato haberente meos infanzones* (A.H.N. Sobr. Cod 976 B fol 7 rev. ano 966) nos ss. IX, X e XI por concesión dos *principes seu imperantes dos Territoria* (TP) galegos.

Isto testemúñase na epigrafía do NW en Remeseiros no que debe considerarse o primeiro foro (préstamo de uso vasalático) galego:

**Allius Reburri rogo Deu Adiutorem in ac conducta conservada. Si quis in ac conducta P(ossesionem) mici aut meis involaverit si(t) r(eus). Quaequumque res at mii aussit sicut ea res...**

Aquí, detrás da imprecación do conductor que pon a Deus por garante e sitúa esta inscrición, xa cristiana, non datable antes do ano 314<sup>59</sup>, Alío fillo de Reburro rogo a Deus axudador para conservar esta *\*conducta* (*\*Obxecto* locado neste caso probablemente unha *villa*), ven a coñecida fórmula (para os familiarizados coas cláusulas da diplomática galega medieval).

***Siquis in ac conducta Possesionem mici aut meus involaverit sit reus.***

Se alguén da miña parte ou dos meus for contra a posesión desta *conducta* seña reo


Unha fórmula omnipresente nos contratos sinalagmáticos galegos e asturiáns:

***...siquis contra hunc factum meum aliquis ad irrupendum venerit sit omnipotenti Deo ante faciem suam reus***<sup>60</sup>.

<sup>58</sup>*Familiaritas et consilium* (Pena. 1992:297:98).

<sup>59</sup>Data na que creo que se produciu á conversión masiva e dun tirón ó cristianismo - mesmo antes de saberen en que consistía- do clero colexiado do NW (Pena 1991:148-50; 1992:24-7; 1993: 44-7; 1995:170-1).


<sup>60</sup>Doazón do diacono Francio da igrexa de S. Vicente de Triunco, arcidiañado de Villaviciosa, Asturias, do ano 834. Arquivo de Oviedo.



*Tesserae hospitalis do Caurel.*



*Xuramento de fidelidade de Guillerm de  
 Cervera a Ramón Berenguer III, 1119.  
 Miniatura do Liber Feudorum Maior. A.C.A.*



*Anverso dunha tésera de hospitalidade  
 do tipo que representa un apertón de  
 mans.*

*Museo Arqueolóxico de Palencia.*

Onde cobra sentido a posición institucional e o significado da cláusula de Remeseiros.

...*Siquis in ac conducta possessionem mici aut meis involaverti sit reus* que expón a ira diviña e Vinganza human (unha excomunião ou *execratio*) ó transgresor da *bona fides* e reserva ó locador o exercicio da *actio*:

*Siquis igitur, tam de meo genere quam de alieno pro mea voce, bobis vel voci vestre sive posteritati hanc cartam infringere vel hereditate modo aliquo aussus fuerit, iram dei habeat et maleditionem et siquid invasserit duplet...*<sup>61</sup> e por elo veñen novamente acompañados de cláusulas específicas da obriga de restitución polo conductor ou as súas voces da cousa danada, o que non impide ó locador unha *actio* noxal en caso de transgresión mediante unha cláusula tra-la execración na que se obriga á restitución do ben danado e o pago dunha multa.

*Et qui eum vel in módico emutare temptaverit, quisquis ille fuerit... in super redat... decem millia solidorum regalis monete pariat et quidquid inquietaverit vel calupniaverit in duplo componat* (Most. Pedroso, Narón. 1.111 ACM. -A8.CDP1).

Estas cláusulas son ó meu xuízo a clave que abre o sentido institucional dos textos celtibéricos e poden resultar decisivas para o desciframento desta lingua. Na penúltima cláusula do Bronce de Contrebia (Botorita) temos testemuñada esa multa nunha versión vernácula -contexto hispano- de usos institucionais celtas.

***Tocotei ios urantiomue auseti aratimue tekametan tatus***

*quen quer ouse un urantio ou un arati pague(dea) dez veces.*

O repertorio conminatorio (de *execratio*) que posibilita -tras deixar fóra da sociedade civil ó transgresor- as accións noxales contra o conductor, ven usualmente seguido dunha cláusula específica de obriga de restitución da cousa danada pola parte (ou as súas voces) en uso do *ius in aliena re* máis unha multa. Este é o sentido da derradeira cláusula de Remeseiros, a pesar do seu escuro final ***quaecumque res at at mii aussu siquit ea res vobis...***


Por ela, a parte conductora obrígase a restituir á voz do locador a cousa danada. Temos pois unha inscrición de locación-condución de dereito común galego (á beira do Limia) do interior dun T.P. Nin se corresponde coas fórmulas dos *hospitia* que establecen lazos de clientela entre as *Trebas* e o imperio (ou os seus representantes), nin se corresponde coas fórmulas que enlazan *hospitia inter civitates*, ou entre una *civitas* e un particular nobre.

Por un feliz, malia que mutilado, fragmento epigráfico, temos o anaco dunha cláusula conservada nunha lousiña de pizarra da *villa* de Noville (Terra de Bezoucos, Ares). Por ela sabemos que tampouco en Remeseiros estamos diante da concesión a un particular dunha simple leira, pois este procedemento era usualmente verbal (as cláusulas líanse diante de testigos) ata ben entrada a Idade Media. Esta é a cláusula: ***...quinqumqua auxe quaruqq(ue) verba quiqui...***<sup>62</sup> Seguiría a obriga da reposición da cousa danada. Este epígrafe con outros de difícil lectura atópase próximo á parte superior do biselado da placa feito para levar un marco de madeira.

A súa utilización como rexistro ven avalada por outros epígrafes de doada lectura que contén ***IKEOTONEQUAM CCCV IK( ) IONEQUAM \*L?*** (cecais como observa Pérez Losada en nexo *con signos que también pudieran ser numerales*) que Fermín interpreta, de novo máxicamente, *como un deseo de maldición para estes dos personajes*

<sup>61</sup>Oseira ano 1219. in M. Romani Martínez. Col diplomá de Sta. Mª de Oseira. AHPO. cod. 82a9, fol 4/9 r. Vol. Y. St. 1989.

<sup>62</sup>Pérez Losada, Fermín. *Unha peza epigráfica excepcional* (1990:9-10) que o autor do achado, Fermín Pérez interpreta no contexto das *coticulae*, losetas para preparar medicamentos e interpreta como un "texto profilático o terapéutico, lo cual nos ayudaría a comprender él por que de que se halla escogido un elemento instrumental médico como base".



(Ikeoto e Ik(u?)rio), cando o que recolle a placa é probablemente o precio da compra ou venda de dous cabalos expresado (en diñeiro ou marcas de prata) nos numerais.

O locador en Noville non sería outro que o *dominus* da villa e o *conductor* un labrego. A importancia da inscrición de Remeseiros é enorme, pois estamos diante do primeiro foro galego!<sup>63</sup>.

<sup>63</sup>Noutro lugar amosei o significado xurídico da palabra *Forum* en estreita relación co elemento máis importante do *Treba/Territorium*: A feira (Oenach/Forum) ou asemblea estacional celta nela celebrada baixo a presidencia do príncipe.

A súa polivalencia establecida por Blanca García Fernández-Albalat (1990:266) confirmase tamén para os obscuros orixenes do foro romano  
*negotiationis Locus in quo iudicia fieri, cum populo agi, conciones haberi solent..., qui provinciae praest, forum agere dicitur, cum civitates vocat et de controversiis eorum cognoscit forum antiqui appellabant (Festo) quod nunc vestibulum sepulcri dicari solet* (V. Cobián EJE. XVI :529).

Para B. Fernández. Albalat, *Oenach é o nome específico que reciben en Irlanda as reunións que marcan as grandes festas do calendario céltico. Caracterízanse por cirimonias relixiosas, festíns, concursos e discusións administrativas provinciais e interprovinciais. E dicir tiñan un triple carácter relixioso, xurídico e festivo a súa celebración estaba ligada a un lugar determinado, capital política e relixiosa, o mesmo tempo residencia real. Por esta razón o termo Oenach permanecerá en ocasións como topónimo.*

Estas feiras ou reunións (Oenach) coinciden coa regularización das estacións tendo cada unha un lugar sinalado no calendario, e tras constatar unha simetría entre ámbolos mundos célticos, insular e continental, convén en que

... estas reunións ou festas poseían, cadavía, un carácter específico e unha data concreta, aínda que tiveran características comúns. ( Fernández Albalat, 1990:226).

Sinala esta excepcional mitóloga galega como nestas feiras celtas da antigüidade o rei era a figura principal e tiña a obriga de celebralo banquete, comida sacrificial, convocala asemblea xudicial e presidi-la, e a él correspondía a organización de todo tipo de impostos e a confección e promulgación das leis. O principal imposto consistía nun pago anual chamado *cis/censum*, vertical de tipo vasalático aportado no ámbito indoeuropeo polos homes libres de cadan súa comunidade o seu señores que a súa vez pagaban censo a señores de señores caso de que unas *civitates* estiveran -como amosan fontes e *hospitia* interterritoriais- supeditadas a outras.

Polo foro o conductor - que non ten porque ser un labrego, en Trasancos nos mosteiros de Xuvia e Pedroso

### III.- EPÍLOGO

Os indicios que temos sobre usos e costumes atávicos na agricultura galega permite supor que os usos comunais nas agras (testemuñados na Península polas fontes) non impiden no horizonte céltico que se dividiran estas en tenzas de cadanseu labrego ben demarcadas que a arqueoloxía non intervencionista amosa nas ladeiras aterrazadas (Eiravedra, Sedes) próximas ó castro.

Logo da colleita, os monllos dispostos ó pé das leiras serían dezmadados polo señor e o clero indixena con distintos criterios dependendo da posición do labrego (home libre -con bois e terras-, servo -cos bois e a terra posta polo señor-). Isto permite ve-lo sistema comparativo, onde os usos agrícolas serían moi estables coa división en tres follas das parcelas e a rotación de cultivos (demostrada hai 7.000 anos no Neolítico de Nova Guinea), sistema que non altera o medio e, conserva os recursos naturais.

Unha testemuña indirecta (M. Iuniano Iustino Epitoma XLIV, 36) confirma a existencia de decrúas e rozas nos montes que demandan usos comunais (cecais cada 20, 30 ou 40 anos como se veu facendo ata a presente centuria).

Coa chamada romanización -concepto que todos usamos pero, convén dicilo, non está definido no NW- a vida cotiá dos castros non sofre variacións -salvo un aumento nas detracións campesiñas por mor de novas taxas-, tampouco o medio nin as estruturas políticas.

Semella innegable que existiu sempre unha circulación comercial -obxectos de luxo importados polas élites- integrada no *world economic Systems*, extendida a países e culturas remotas, e que na dominación se estenderon produtos (viño e aceite), costumes e obxectos mediterráneos e romanos. Na lingua o latín foi empregado na escrita nas relacións co Imperio, e este alfabeto na lingua vernácula (literalmente dos escravos) nos usos e costumes indixenas -como amosan as inscricións lusitanas-. Dos usos do clero desapareu a escrita vernácula cando empregaron o latín nos textos, logo da súa conversión masiva ó Cristianismo. O pobo nunca falou propiamente latín.

Resumindo, podemos dicir que no período chamado dos castros, entre os anos 600 antes da nosa era, ata o 500 da era actual (Lám. IX), a xente vive dentro dos muros, pero desenvolve a súa actividade social e económica de labregos e gandeiros fóra da casa, nas terras de cultivo e pastos, nun espacio económico exterior demarcado por límites e marcos de gran pervivencia. Porén, o castro sería o asentamento humanizador da paisaxe (A). Dentro da mesma demarcación van evolucionando os asentamentos, e os labregos pasan a vivir en cachoupas, modestas grañas illadas, mentres os señores poderosos constrúen as *villae* á maneira romana (B). Neste espacio de tempo entre os anos 300 e 600 da nosa era o antigo territorio dos castros pasaría polas dúas opcións descritas.


Entre os anos 400 e 800 da nosa era, entrado xa na Alta Idade Media, os señores máis modestos constrúen castronelas. (*defended farmsteads*), grañas defendidas ás que chaman *villa* (C), evolucionando así o tipo de asentamento, pero conservando a demarcación ou espacio económico dos anteriores modelos.

A *villae* vai funcionar como un pazo. Os señores e os seus labregos viven agora fóra do recinto fortificado. Os señores nunha luxosa casa con calefacción, habitacións e almacéns, mentres que os seus labregos e homes libres, vasalos todos do señor, se espallan


---

raramente o serán - adquire o *ius in aliena re* por 3 voces (temporalidae presente no *hospitium*) seguidas dun período de tempo de libre disposición fora da familia (que resultan de tomar os sete anos de cada transmisión da *fine*, mais os sete anos no membro alleo a familia e un ano mais para disolver o vínculo vasalático *utrumque tamen septenarius ille numerus, quo iudicantur omnia, terminavit* (Orosio; *Historiarum. VII. 2,9* estreitamente asociado no mundo céltico a soberanía e á raiña Macha, que non ultrapasa a imprecatoria terrible da diplomática galega *Siquis vero aliquis homo contrahoc meum factum ad disrrumpendum venerit propinquis vel extraneos sit maledictus usque ad vii generatione et quod calumniaverit duplet...* (Xuvia Cod. 1081b fol. 14 vot. ano 1124).








A CASTRO



VILLA



B



VILLA (graña defendida)



VILLA MEDIEVAL



D

coas súas casas dentro do mesmo territorio demarcado que antes tiña o castro. Somentemente cambia a forma da distribución das vivendas, mais non os usos e costumes anteriores.

Os señores dos castros máis modestos chamaban *villa* a un pequeno recinto defendido onde vivían cos seus criados e gando.

Esta forma de habitación estendeuse a partires do S. V. convertíndose na única forma de habitat na Terra de Trasantos, e nas outras terras galegas. Así ata finais do s. XII, período do que conservamos en Narón varias *villae* como esta de Pradeedo (O Val) que nos serviu de modelo e que temos datada a comenzos do século XII (D).

No corazón da etapa Medieval, ano 900 ata 1.200 máis ou menos, o señor instalado na *villa* exerce a súa xurisdicción no mesmo espacio demarcado que antes tiña o castro, que conforma a pequena aldea e os casais labregos dispersos.

Transcurren mil anos e o cambio producido pola influencia do home no medio coa súa actividade agropecuaria ou forestal é irrelevante, permanecendo a paisaxe practicamente inalterable cunha relación armónica entre terras de cultivo, caza e pastos. Pero cando avanza a Idade Media xa se observa unha meirande transformación paisaxística coa creación clara dunha rede viaria facilitadora das comunicacións, que avanza coas roturacións e o crecemento demográfico.

Todo isto lévanos á conclusión de que na Terra de Trasantos, ó igual que no resto de Galicia, hai unha evolución dos asentamentos e construcións humanas nas que perviven firmemente espazos sociopolíticos e socioeconómicos herdados do pasado, dándonos dúas claves para a interpretación da ordenación territorial das idades Media e Moderna por unha beira e da organización sociopolítica pola outra.

Culminamos chegando á Idade Media, pois, con dúas conclusións que serán fundamentais para entende-la evolución da nosa bisbarra, a Terra de Trasantos, a estrutura dos *Territoria* ou territorios galegos (orixinariamente *Trebas*) é a estrutura sociopolítica: asociado a unha demarcación territorial, neste caso Trasantos, existe no mundo céltico a figura do señor de señores, *Princeps* ou *Corono*, que representa a meirande parte do poder político ou social. Logo está o *Ovate* ou crego, representando o poder relixioso. Entrados na Alta Idade Media e ata finais do S. XII, duques e condes adoitan en Trasantos e nas outras terras galegas os títulos de *Principes* ou *imperantes* da terra.

*In Territorio Faro... in Territorio Prucios... in Territorio Ortigaria... princeps huius Territorie comes dominus ferdinandus...* (AHN. Códices (Xuvia) 1041b nº 23 fol 6v.).


*... Et est ipsa hereditate in territorio Trasantos... Imperante de Trasantos commite domino Fernandus Suo maiorino, Froila Menendit.* (AHN. Códices (Xuvia) 1041 b nº 161 fol 29 vto).

Todos estes son títulos que amosan que estes nobres e as súas terras proceden do mundo celta, e isto mesmo sucede coa cabeza do clero na bisbarra, que adoita o título de *Abba* ou arcepreste no mesmo espacio demarcado chamado Arciprestado que coincide coa Terra do Príncipe.

Estes arceprestados parten dunhas *dióceses*, cos seus *episcopi* ó frente, que se corresponden cos territorios políticos e que aparecen instantaneamente revelando a conversión masiva do clero (Pena 1991:148-50; 1992: 24-7; 1995:171) ó Cristianismo, que se produciría no 314, ano no que o *episcopus* da diócese galega de Beteka, ignoto *Treba/civitas/populus* da *Gallaecia* envía un presbítero ás Galias ó Concilio de Arlés.

Nace así unha igrexa celta galega distribuída sobre TP, igual que sucederá en Irlanda douscentos cincoenta anos máis tarde cando, tra-la conversión do *Ard-Ri*, se convertiron tódolos seus vasalos e clero celta instalados en TP (Tuath), circunstancia (Pena. 1995:170) que fixo que a igrexa céltica Irlandesa adquirise rasgos similares á igrexa galega. O episcopado tendería a desaparecer debido á multiplicidade dos *Tuaths*, ós que circunscribían como en Galicia os límites de *dióceses* abondo pequenas e sen vida urbán,

TREBAS (territorios políticos)  
CELTAS DO NW DA GALLAECIA



Demarcacións das DIÓCESES TERRITORIAIS adscritas á Sé Iriense no *Concilium Braccarensem secundum*, in era DCX, ano 572, e na *Divisio Teodomiri*, feita no *Concilium Lucensis*, ano 569. Perviviron o longo da Idade Media e en boa parte até hoxe, cos seus límites practicamente intactos. A duplicidade na función soberana territorial céltica mantívose no Cristianismo coa proliferación de dióceses de xurisdicción territorial a partir do ano 314.

convertíndose os bispados en centros monásticos (Armagh, Derri, Clonmacnoise, Inismore, Kildare, etc) e as sedes en *sedes abbatiles*, pasando os vellos druidas, como en Galicia, de *ovates* a *abbones*, *é dicir*, cambiando todo para seguir igual.

E o País de Gales cristianizouse cos mesmos presupostos no S. V.

A chegada de Martiño de Dumio e a conversión de Teodomiro modificaron as cousas, replantexándoas dun tirón (a 569, Concilio Lucense) dende a cúspide da cadea vasalática, creándose dúas circunscripciós con sede en Braga (*conventus juridicus Bracarensis e Conventus Lucensis e conventus Asturiensis* que pasa a Lugo).

*VIII Ad Lucense: Luco civitas cum adjacentia sua, quod tenent comites undecim, una cum Carioca, Sevios et Cavarcos.*

*VIII Ad Auriense: Letaos, Bival, Palla Auria, Verugio, Bivalos, Teporos, Geuros (=Iutres no L.F.) Pincia, Cassavio, Vereganos Senabria et Calapacios (=Cabazas no L. F.) maiores.*

*X Ad Astorica: Astorica, Legio, Bergido, Petra Speranti, Comanca (=Colanca no L. F., Ventosa, Mourelle (=Murelle no L.F.) antes da chegada dos mouros confirmando as teses de Isidoro Millán) Superiore et Inferiore, Senimure (=Senure no L.F.), Fraucelos (Fraugellos no L.F.) Pesicos.*

*XI Ad Iriense: Morracio, Salinense (Saliense no L.F.), Contenos, Celenos, Metacios, Mercia (Mercienses no L.F.), Pestemarcos, Coporos, célticos, Bregantinos (Brecanticos no L.F.), Prutencos (Prutenos), Prucios (Plucios no L.F.), Besancos (Besaucos no L.F.), Trasancos, Lapatiencos (Lapaciencos) et Arrós.*

*XII Ad Tudense ecclesias invicino: Tueredo, Tabuleda, Lucoparre, Aureas, Langetude, Carisiano, Marciliana, Turonio, Celesantes, Toruca. Item pagi: Aunone (Dunone no L.F.), Sacria, Erbilione, Cauda, Ovinia, Cartase.*

Segundo o *Cronicón Iriense* que, a pesares da súa serodia redacción, baséase en antigas fontes, Miro tomou baixo o seu dominio Braga e reuniu ó Concilio Bracarense Segundo, onde acudiu Andrés no ano 610. E Miro puxo baixo a súa Sé Iriense ás seguintes dióceses, a saber: **O Morrado, Salnés, Moraña, Caldas, Montes, Meta, Merza, Tabeirolos, Valga, Louro, Nemancos, Vimianzo, Seaia, Bergantiños, Faro, Escudeiros, Dubra, Montaos, Nendos, Pruzos, Bezoucos, Trasancos, Labacengos e Arros**, e outras das que se ten mención nos cánones<sup>64</sup> que como vemos no mapa mantivéronse intactas como TP e arciprestados coa mesma circunscripción territorial ata a Idade Media, e mesmo chegaron ó século pasado.

Para obter o mapa das *Trebas* da Idade de ferro, abonda, pois, con facer unha redución dos arciprestados, sendo calqueira intento de elaboralos por outro camiño un exercicio de imaxinación sen valor ningún. □

#### BIBLIOGRAFÍA

*Actas del II coloquio sobre lenguas y culturas prerromanas de la Península Ibérica*. (Tubingen 1976). 1979 Salamanca.

*Actas del III coloquio sobre lenguas y culturas paleohispánicas*. 1985 Salamanca.

*Actas del IV Coloquio sobre lenguas y culturas paleohispánicas* 1987 Victoria/Gasteiz = *Studia Paleohispánica-Veleia* 2-3.

Albertos Firmat, M<sup>a</sup> L. (1956) ¿Mercurio, divinidad principal de los celtas peninsulares?. *Emerita* 24 294-97.

(1966) La onomástica personal primitiva de Hispania Tarraconense y Bética. Salamanca .

<sup>64</sup>... et Mirus cepit Bracaram et fecit concilium Bracarensem secundum, ubi Andreas fuit, in era DCX Et Mirus sedi sue Hiriensi contulit dioceses, scilicet: Morracium, Saliniensem, Moranium, Celenos, Montes, Metam, Merciam, Tabeyrolos, Velegiam, Hour, Pistomarcos, Amaeam, Coronatum, Dormianam, Gentinas, Celticos, Barchalam, Nemarcos, Vimiantum, Selagiam, Bregantinos, Farum, Scutarios, Duuriam, Montanos, Nemitos, Prucios, Bisacos, Trasancos, Lavacencos et Airos, et alias que in canonibus resonat.

(Transcripción e notas de Manuel-Rubén García Álvarez, Memorial Histórico Español, (R.A.H.), Tomo L. Madrid. 1963.

- (1973) Lenguas primitivas de la Península Ibérica. Boletín Sancho el Sabio 17, 67-107.
- (1979) La onomástica de la Celtiberia. Actas II coloquio sobre lenguas y culturas prerromanas de la península Ibérica. (Tubingen 1976) 131-167. Salamanca.
- (1981) Organizaciones suprafamiliares en la Hispania Antigua II BSAA (47) 208-14.
- Almagro Gorbea M. (1987) Los Campos de urnas en la Meseta. Zephyr, 31-47.
- (1987) La Celtización de la Meseta. Estado de la Cuestión. Actas del I Congreso de Hª de Palencia, I, 313-44.
- (1992) El Origen de los Celtas en la Península Ibérica. Protoceltas y Celtas. Polis 4, 5-31.
- Anderson, P. (1974) Transiciones de la Antigüedad al Feudalismo. Siglo XXI. Madrid.
- Alonso Romero, Fernando. (1976) Relaciones Atlánticas prehistóricas entre Galicia y las Islas Británicas y medios de investigación. **Castrelos**. Vigo.
- (1981) Los orígenes del mito de la Santa Compañía en las islas Ons y Sálvora. Cuadernos de Estudios Gallegos. Vol. 96-97, 285-306.
- (1991) Santos e barcos de Pedra. Xerais, Vigo.
- (1993) O Camiño de Fisterra. Xerais, Vigo.
- Blázquez, J. M. (Coord.). (1988) Hª de España Antigua. (2 Vol.) Ed. Cátedra. Madrid.
- (1986-88) Boletín del Museo Arqueológico Nacional (Tomos IV a VI).
- Caro Baroja, J. (1942-43) Observaciones sobre la hipótesis del Vasco iberismo considerada bajo el punto de vista histórico. Emerita 10:236-86; 11:1-59.
- Caitlín Matthews (1989). La tradición celta. EDAF. Madrid. (1ª Ed. Caitlín. 1989).
- Da Costa, Avelino de J. (1978). Liber Fidei. T. II Ed. Crítica. Braga.
- (1972) Diccionario de Historia Eclesiástica de España. CSIC. Madrid 1972.
- Dopico Hª D. (1989) El hospitium celtibérico un mito que se desvanece. Latomus, 48:19-33.
- Blanca García Fernández-Albalat (1990). Guerra y religión en la Gallaecia y la Lusitania antiguas. Ediciós do Castro. A Coruña.
- Gordon Childe, V. (1978) La prehistoria de la sociedad europea. Ed. Icaria. Barcelona.
- Hawkes, Christopher. (1973) Cumulative celtivity in pre Roman Britain: ÉC 13:607-28.
- Hubert, Henri. (1988) Los Celtas y la civilización céltica. Akal. Madrid (Ed. La renaissance du livre. 1932.e, Editions Albin Michel, 1974).
- De Hoz, Javier (1986). Las lenguas y la epigrafía prerromana de la Península Ibérica: Unidad y pluralidad en el Mundo Antiguo. Actas del IV Congreso español de Estudios clásicos I 351-96. Madrid. La epigrafía celtibérica. Reunión sobre epigrafía hispánica de la época Romano-republicana. Zaragoza 43-102 e 191-207.
- The emergences of the celtiberian language and the celtiberian culture. In D. E. Evans et al. Proceedings of the seventh International Congress of celtic studies. Oxford. Jesus College.
- (1988) Hispano-celtic and celtiberian. G. W. Mac. Lennan. Ed. Proceedings : 191-207.
- Krahe, H. (1936) Lígurisch und Indogermanisch. En: Germanen und indogermanen. Festschrift H. Hirt. Vol. II. Heildelberg. Quelle & Meyer.
- Luzón Nogué, José María. (1986) La navegación pre-astronómica en la Antigüedad: Utilización de pájaros en la orientación náutica. Lucentum. V:65-81. Alicante; (1987) Los Hipoi Gaditanos. Congreso internacional de Gibraltar, 445-58.
- Kruta, V. (1981) Los Celtas. EDAF. Madrid.
- Lejeune, M. (1972) Celtibère et lépontique. En: Homenaje a Antonio Tovar. Madrid. Editorial Gredos :265-271
- Meyer, K. (1906) The triads of Irland. RJH Todd Lecture series. Vol. 13 Dublin 1906.
- Mac Cana P. (1980) The learned tales of medieval Irland. Dublin institute of for advanced studies. Dublin.
- (1955) Aspects of the theme of king and goddess in Irish literature. Études celtiques 7, 76-III e 3.
- Mac Eoin, Gearoid (1988) the decline of the celtic languages. Ist. N. American Congress of celtic studies (Ed. G.W. Mac-Lennan) 589-602.
- Mc. Cone, K. (1990) Pagan Past and christian Present in Early Irish Literature. An Sagart. May nooth.
- Mac Leod, N. (1982) The concept of law in ancient Irish Jurisprudence. The Iris Jurist, 17, 356-67.
- Mytum, Harold. (1992) The origins of Early Christian Ireland. Routledge. London.
- (1991) Latin and celtic: Genetic Relationship and a real contacts. BBCS 38: 1-19.
- Luis Monteagudo García (1981) Koiné del Bronce Atlántico? I coloquio Galaico-Minhoto. 335-398 Emerita. Vol XIX, 189 ss. (1980) Orientales e indoeuropeos en la Iberia Prehistorica.
- (1986) Toponimia Costera Coruñesa. De Estaca de Bares a Malpica. Actas do coloquio Santos Graçade Etonografía Marítima. Aspectos culturais e Aspectos Religiosos. Póvoa de Varzim.:29-71; (1951) Carta Coruña Romana I.; (1966) Monumentos romanos en España. Madrid. (1954) Nombres de túmulos y dólmenes en Galicia y

- N de Portugal. Revista de Filología Española. 28. 154,ss. (1957) Galicia legendaria y arqueología. Problemas de las ciudades asolagadas. RDTP, Madrid.
- Corráin, D. (1978) Nationality and kingship in pre-Norman Ireland. Nationality and the pursuit of national independence. Historical Studies 11 Ed. T.W. Moody, de) 1-35.
- Pallarés Mendez, M.C. (1979) El monasterio de Sobrado: un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia Medieval. A Coruña.
- Pena Graña, Andrés. (1991) Narón, un Concello con Historia de Seu. Vol.I. Sotelo Blanco. Santiago.
- (1992) A Terra de Trasancos ollada dende os mosteiros de Xuvia e Pedroso na Idade Media.601 pp. En: Narón un Concello con Historia de seu vol. II. Ed. Bahía. A Coruña.
- (1993) Treba ou Territorium Pervivencia e desenvolvemento dun arcaico e sólido modelo de artellamento territorial e institucional da Gallaecia Antiga ó longo da romanidade e xermanización. Actas do encontro científico en homenaxe a Fermín Bouza Brey. Galicia: Da Romanidade á xermanización. Santiago. 1992:41-59.
- (1993) In ea primum Artabri sunt etiamnum celticae gentis Labor Galego. nº 2. 3ª época. 36-9.Ferrol. (1995) o berce dunha institución
- O Concello de Narón en Mapas*. Nº 1. A. Pena ,colaborador./ A Filgueira López,director, et al. serie educación y divulgación. SSPM. ed. 1993. (1993) Mamoas asesor in Vídeo de Mercedes Cebrián e Roberto Fernández. Servicio Sociopedagóxico Municipal de.; (1995) O berce dunha institución da Baixa Idade Media. En O nacemento dunha Nación. Sociedade e categorías sociais na historia de Galiza. A nosa Terra 36:42; (1995) Narón, unha Historia Ilustrada na Terra de Trasancos. (A. Pena Graña/ Alfonso Filgueira López/ Eva Merlán).Ed. Bahía. A Coruña.
- Piggot, Stuart(1980) Ancient Europe. Edinburgh. ( At The University Press. 1965. Paperback ed. 1973,1980.)
- Renfrew, Colling. (1987) Archaeology and Language. The puzzle of Indo-European origins. London. Jonatan Cape.
- Rees, A, Rees, B. (1961) Celtic Heritage Ancien Tradition in Ireland and wales. London. Thames and Hudson. (First Paperback edition by Merlin press, Llandybie, Carmarthenshire 1973. Rep. 1975).
- Rodríguez Colmenero,A. (1993) Corpus catálogo de inscripciones rupestres de época romana del cuadrante Noroeste de la Península Ibérica. Anejo 1 de Larouco. Ed. do Castro. A Coruña.
- Valdeón J. (1981). El Feudalismo Ibérico. Interpretaciones y Métodos. En: Estudios de Hª España. Homenaje a M. Tuñon de Lara. UIMP. Madrid 1981.
- Schmidt K.H. (1979) *Probleme des Keltiberischen*. Actas del II Coloq: 101-115;(1980) Continental Celtic as an Aid to the Reconstruction of Proto-Celtic: KZ 94:172-97; (1985) A contribution to the Identification of Lusitanian. Actas del III coloquio: 319-41.
- Sopeña G. (1987) Dioses ética y ritos. Aproximaciones para una comprensión de la religiosidad entre los pueblos celtibéricos. Zaragoza.
- Tovar, A. (1946) Las inscripciones Ibéricas y la lengua de los celtiberos. BRAH 25:7-42 (= Estudios 21-60); (1948) El Bronce de Luzaga y las tesseras de hospitalidad latinas y celtibéricas. Emerita 16:75-91 (=Estudios 168-183); (1964-67)El nombre de celtas en Hispania. Revista de la Universidad Complutense 26:163-178. Madrid; (1981)El dios céltico Lugu en España. Symposio del CSIC. La religión romana en Hispania, 279-282; (1983) Lengua y etnia en la Galicia Antigua: El problema del celtismo. Estudios de cultura castrexa e de Historia antiga de Galicia: 247-282. Santiago de Compostela.
- Untermann J. (1965) Elementos de un atlas antroponimico de Hispania antigua. Madrid.
- (1969) Lengua Gala y lengua Ibérica en la Galica Narbonensis Archivo de prehistoria levantina. 12: 99-161.
- (1983) Die althispanischen Sprachen. ANRW II 29,2. 791-818.Berlin; (1983)*Die Keltiberer und das Keltiberische*. E. Campanile Ed. Problemi di lingua e di cultura nel campo indoeuropeo. Pisa. 109-27; (1985) Los Teónimos de la región Lusitano-Gallega como fuente de las lenguas indígenas. Actas del III coloquio 343-63; (1987) Lusitanish, Keltiberich, Keltisch. Actas del IV Coloquio. 57-76.
- Vernant, J-P. (1980) The reason of Myth and society in ancient Greece: 186-242.
- Vries ,J. De. (1963) La religión des celtes. París.
- Zwicker, J. (1934) *Fontes historiae religionis Celticae*.